			18. A formación adquirida polo estudantado (coñecementos e contidos): 4,50	04. O calendario das probas de avaliación:3,00
			17. As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia:4,82	07. A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web:3,73
	78,57%	Ciencias Sociais. Humanidades 4,08	16. Os espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento:4,73	13. A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado:3,67
			04. O calendario das	02. A coordinación entre

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas				
Colectivo	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2020/2021	Ítem/ epígrafes mellor valorados	Ítem epígrafes peor valorados
			probas de avaliación: 4,45	as materias do plan de estudos: 3,58
	68,75%	Orientación 4,23	17. As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,91 16. Os espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento: 4,80 14. As aulas e o seu equipamento: 4,55	09. A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): 4,00 18. A formación adquirida polo estudiantado (conocementos e contidos): 4,00 02. A coordinación entre as materias do plan de estudos: 4,00
Pessoas tituladas	99%	Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía 3,41	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 5,00 Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: 5,00 Formación adquirida na práctica: 4,5	A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: 1,00 A orientación profesional e laboral recibida: 2,00 As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP), participación en comisóns, comunicación cos responsables académicos etc: 2,00
	20%	Ciencias Sociais, Xeografía e Historia: 3,51	Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: 5,00 Formación adquirida na práctica: 4,75 A atención do persoal de administración e servizos: 4,25	As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP ),participación en comisóns, comunicación cos responsables académicos etc.: 2,33 O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: 2,50 As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino:3,00
	10%	Ciencias Sociais. Humanidades 3,17	13.Espazos para o traballo autónomo ( biblioteca., aulas TIC....): 5,00 5.A orientación profesional e laboral	8.A utilidade da páxina web da titulación:2,00 4.A orientación académica recibida: 2,50

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas				
Colectivo	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2020/2021	Ítem/ epígrafes mellor valorados	Ítem epígrafes peor valorados
			recibida: 4,50 18.Formación adquirida na práctica: 4,50 19.Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: 4,50	7.A facilidade para atopar contidos na páxina web : 2,50 1.A distribución das materias do plan de estudos: 2,50
	15%	Orientación: 4,48	1.A distribución das materias do plan de estudos: 3,50 2. O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: 3,50 8. A utilidade da páxina web da titulación:4,00	4. A orientación académica recibida: 5,00 10. O desempeño do profesorado: 5,00 15. A formación adquirida: 5,00
Empregadores/as	Non hai datos	--	--	16. A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: 5,00

#### 2.8.4. Indicadores por materia

a) De seguido preséntanse os resultados do panel de indicadores por materia

Máster Universitario en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas				
Panel de indicadores por materia				
Materias	T. Eval. IM02	T. Exito IM01	T. Ren. IM03	
Orientación e Función Titorial	97,01%	100,00%	97,01%	
Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario	94,03%	100,00%	94,03%	
Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	97,01%	100,00%	97,01%	
Sistema Educativo e Educación en Valores	95,52%	100,00%	95,52%	
Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas	66,67%	100,00%	66,67%	
A Ciencia e a súa Metodoloxía para Profesorado de Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%	
Investigación e Innovación na Educación Secundaria	95,00%	100,00%	95,00%	
Deseño de Investigacións e Propostas Innovadoras en Ciencias Experimentais	100,00%	100,00%	100,00%	
Tecnoloxía e Informática para o Profesorado de Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%	
Didáctica da Tecnoloxía e Informática na Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%	
Organización da Aula-Obradoiro de Tecnoloxía	100,00%	100,00%	100,00%	

<b>Máster Universitario en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas</b>			
Panel de indicadores por materia			
<b>Materias</b>	<b>T. Eval. IM02</b>	<b>T. Exito IM01</b>	<b>T. Ren. IM03</b>
Ciencias Sociais na Educación Secundaria I	100,00%	100,00%	100,00%
Ciencias Sociais na Educación Secundaria II	100,00%	100,00%	100,00%
Aprendizaxe e Ensinanza de Historia e Historia da Arte na Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%
Xeografía na Educación Secundaria	95,00%	100,00%	95,00%
Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais	100,00%	100,00%	100,00%
Prácticas Externas	92,54%	100,00%	92,54%
Traballo Fin de Máster	79,22%	100,00%	79,22%
Economía, Administración de Empresas e Comercio na Educación Secundaria	100,00%	95,24%	95,24%
Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular	83,33%	100,00%	83,33%
A Atención á Diversidade e a súa Intervención	83,33%	100,00%	83,33%
A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación	83,33%	100,00%	83,33%
Formación Académica e Profesional	50,00%	100,00%	50,00%
A Innovación e a Investigación Educativa como Factores para a Mellora e o Asesoramiento Escolar	66,67%	75,00%	50,00%

b) De seguido presentanse os resultados dos informes de cualificación por materia

<b>Máster Universitario en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas</b>							
Informes de cualificación por materia							
<b>Materia</b>	<b>NP</b>	<b>SUSP</b>	<b>APROB</b>	<b>NOTB</b>	<b>SOBRS</b>	<b>MH</b>	
Orientación e Función Titorial	4	1	11	153	103	4	
Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario	6		21	169	73	6	
Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	6	1	40	121	110	2	
Sistema Educativo e Educación en Valores	4		3	95	172	3	
Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas	2			6	5	1	
A Ciencia e a súa Metodoloxía para Profesorado de Educación Secundaria			5	31	22	3	
As Ciencias Experimentais na Educación Secundaria				3	17	1	
Didáctica das Ciencias Experimentais na Educación Secundaria					20		
Elaboración de Unidades Didácticas				13	6	1	
Investigación e Innovación na Educación Secundaria	1		4	45	12		
Deseño de Investigacións e Propostas Innovadoras en Ciencias Experimentais			1	34	26	1	
Tecnoloxía e Informática para o Profesorado de Educación Secundaria			6	15	19	1	
Didáctica da Tecnoloxía e Informática na Educación Secundaria	1		2	20	19		
Organización da Aula-Obradoiro de Tecnoloxía			4	18	18	2	
A Educación Física na Educación Secundaria				8	11	1	
A Didáctica da Educación Física: Deseño e Desenvolvemento do Curriculo				1	19		
A Didáctica da Educación Física: Elementos Curriculares				8	12		
Innovación Docente e Iniciación á Investigación Educativa na Educación Física				17	2		
Ciencias Sociais na Educación Secundaria I				26	13	1	
Ciencias Sociais na Educación Secundaria II			5	17	17	1	

**DE-03 P1 DE-03 P1**

Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2020-2021

Aprendizaxe e Ensinanza de Historia e Historia da Arte na Educación Secundaria			12	7	1
Xeografía na Educación Secundaria	1	1	7	10	1
Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais		1	15	23	1
A Formación Profesional	2	5	45	10	
As Linguis Estranjeiras no Contexto Español e Internacional		4	5	31	
Didáctica da Ensinanza das Linguis Estranjeiras		4	12	24	
Estratexias de Innovación Docente no Campo das Linguis Estranjeiras		8	11	20	2
Bases para a Ensinanza e a Aprendizaxe das Linguis	2	2	9	6	1
Didáctica da Lingua e Literatura na Educación Secundaria	1		11	7	1
Didáctica da Lingua e Literatura Castelá na Educación Secundaria	1		2	17	
Didáctica da Lingua e Literatura Galega na Educación Secundaria			12	6	
Innovación e Investigación na Ensinanza Secundaria: Música e Debuxo	1	2	16	1	
Complementos para a Ensinanza do Debuxo	1		9	10	
Estratexias Didácticas I: O Ensino	2		14	4	
Estratexias Didácticas II: Autoavalacián, Crítica e Análise	2	3	13	2	
Prácticas Externas	16	1	31	233	
Traballo Fin de Máster	24	5	82	162	17
Economía, Administración de Empresas e Comercio na Educación Secundaria		1	1	18	
Aprendizaxe e Ensinanza dos Módulos das Familias Profesionais do Sector Primario e Secundario	1	1	13	6	
Investigación e Innovación na Área das Linguis	1		9	10	1
Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular	1		9	4	
A Atención á Diversidade e a súa Intervención	1	2	3	7	1
A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación	1	1	3	8	1
Formación Académica e Profesional	3	1	3	7	
A Innovación e a Investigación Educativa como Factores para a Mellora e o Asesoramento Escolar	2	1	1	5	4

### 2.8.5. Estado dos rexistros do SGIC da titulación

Máster universitario en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas					
Rexistro	Procedemento	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos	Estado do rexistro
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidad sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	28/01/2020	Non procede.	0	Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidad sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	28/11/2019	Non procede.	0	Completado

**DE-03 P1 DE-03 P1**

Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2020-2021

R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimiento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimiento e mellora das titulacións	30/01/2020	O informe de seguimento das titulacións realizase a través do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección. Este rexistro está subido no Centro e tamén pode localizarse en: <a href="http://fcce.uvigo.es/docs/cade/rexistros/R1_DE-03_P1_2018-19.pdf">http://fcce.uvigo.es/docs/cade/rexistros/R1_DE-03_P1_2018-19.pdf</a>	0	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimiento e mellora das titulacións	30/09/2020	Non procede. Ningunha das titulacións do centro foi avaliada por ACSUG (seguimento externo).	0	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimiento e mellora das titulacións	30/09/2020	Non procede. Ningunha das titulacións do centro foi obxecto de seguimento interno	0	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	29/11/2019	Non procede.	0	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	29/11/2019	Non procede.	0	Completado
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	25/09/2020	O Informe de Accións de Coordinación do curso 2019-20 dos títulos do Centro foi validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade o día 11 de decembro de 2020	1	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	01/07/2020	Ademais da Guía do Prácticum, na web deste mestrado publicase outra información relativa as mesmas: <a href="http://mpe.uvigo.es/index.php?option=com_content&amp;view=article&amp;id=53&amp;Itemid=72&amp;lang=es">http://mpe.uvigo.es/index.php?option=com_content&amp;view=article&amp;id=53&amp;Itemid=72&amp;lang=es</a>	1	Completado
RI- PE02 P1 - Resultados de avaliação docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión de persoal docente e investigador-PDI	31/01/2020	Resultados definitivos da Avaliación docente.	4	Completado

## 2.9. Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP)\*

\*Neste epígrafe os centros que teñan solicitado, consonte o procedemento de medición, análise e mellora, indicadores propios que completan o panel de indicadores institucionais, poden recoller os resultados obtidos e unha breve análise deles.

A Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social non ten indicadores propios do centro/título (validados pola UEP).

A modo de síntese:

Táboa recapitulativa na que se expoñen as puntuacións medias obtidas en cada unha das titulacións do centro nas Enquisas de Satisfacción cos títulos (Alumnado)			
	Género	N	Puntuación media (1-5)
Grao en Educación Infantil	Mulleres	504	3,40
Grao en Educación Infantil	Total	504	3,40
Grao en Educación Primaria	Homes	36	2,51
Grao en Educación Primaria	Mulleres	252	3,32
Grao en Educación Primaria	Total	288	3,21
Grao en Educación Social	Homes	36	3,22
Grao en Educación Social	Mulleres	126	3,25
Grao en Educación Social	Total	162	3,25
Grao en Traballo Social	Homes	72	3,29
Grao en Traballo Social	Mulleres	216	2,92
Grao en Traballo Social	Total	288	3,01
Máster Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	Mulleres	126	3,10
Máster Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	Total	126	3,10
Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	Homes	36	4,49
Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	Mulleres	252	3,97
Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	Total	288	4,03

### III. ANÁLISE DE RESULTADOS: SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS

De seguido inclúense as análises de cada unha das titulacións adscritas do Centro; comézase polos graos e posteriormente pásase aos de máster.

#### 3.1. Seguimento da titulación: Grao en Educación Infantil

##### 3.1.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

**Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os indicadores e medidas dispoñibles para o curso 2020-2021 permiten valorar satisfactoriamente o desenvolvemento do plan de estudos e os resultados acadados no Grao de Educación Infantil, malia a situación sanitaria derivada da pandemia da COVID-19. Estes resultados foron posibles pola implicación de todos os axentes (profesorado, estudiantado e persoal de administración e servizos), que contribuíron, na medida das súas posibilidades, a garantir o adecuado cumprimento do plan de estudos, conforme á memoria e planificación previstas, tanto no referido ás clases presenciais dos grupos B e C, coma ás virtuais dos grupos A, así como o apoio que supuxo o emprego doutros medios telemáticos (fatic, moovi, correo electrónico) para a adaptación da programación docente prevista ás metodoloxías non presenciais, o seguimento e titorizaciós (solución de dúbidas, corrección de tarefas etc.).

Para a organización e desenvolvemento resulta fundamental destacar o interese do estudiantado polo título, reflectido de modo moi satisfactorio nas taxas de matrícula de novo ingreso por prescripción (84 estudiantes para unha oferta de 75 prazas), que segue en alza con respecto a cursos anteriores. En canto ao acceso e admisión, obsérvase que a nota mínima de acceso aumentou notablemente (8.44 fronte a 7.21 do curso 2019/20), o mesmo que a nota media de acceso, que alcanza 8.69 (fronte a 7.94 do ano anterior), superando en case dous puntos a meta de calidade establecida polo centro, que se sitúa entre 6-7. En canto aos índices de ocupación seguen experimentando un incremento, neste ano de 2.67 puntos (112.00%, fronte a 109.33% do curso 19/20), mentres que os de preferencia se dispararon +74,67% (186.67€ fronte a 112.00% do curso 19/20), cumpríndose sobradamente os obxectivos de calidade do centro ( $\geq 80\%$ ). Pola contra, o índice de adecuación presenta un descenso de -15.74% (45.24% fronte a 60.90% do ano anterior), o que se distancia da meta de calidade do centro ( $\geq 80\%$ ) e que pode deberse a que, malia contar cun índice de preferencia tan alto, o aumento da nota de ingreso provoca que se acabe matriculando estudiantado que escollera este grao como segunda opción ou se preinscribira noutra universidade. Porén, este indicador non semella negativo á vista da taxa de abandono (0.00%).

No referido á modalidade de ingreso do estudiantado no grao de Educación Infantil, esta continúa xebrada en dúas vías principais: por unha parte, o alumnado que se incorpora a través de estudos de Bacharelato LOMCE e ABAU, que neste ano aumentou ata o 60.97% (50 fronte a 41 do ano anterior) e, pola outra, o alumnado de Formación Profesional de

Grao Superior, que descendeu en 4 puntos (31 estudantes fronte a 35 do ano anterior), polo tanto o 39.03% de nova matrícula. Isto supón algúns desaxustes que teñen o seu reflexo principalmente na satisfacción cos horarios, que non sempre se adecúan aos itinerarios formativos que matriculan materias de varios cursos.

Para a análise da percepción do estudiantado tómase como fontes de referencia as *Enquisas de Avaliación Docente* e as *Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación*. Como se ten sinalado en anteriores ocasións, as *Enquisas de Avaliación Docente* considerámolas resultados más significativos, dado que achegan información máis contextualizada, no sentido de que as puntuacións outorgadas a cada ítem polo alumnado se refiren a materias e docentes concretos. Pola contra, no caso das *Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación* teñen como obxecto de avaliación un *constructo* máis ambiguo, como é o conxunto da titulación do grao en Educación Infantil. A isto habería que engadir o índice de participación nunha e noutra modalidade, significativamente maior no caso da primeira, así como os particulares itinerarios seguidos polo estudiantado procedente de Ciclo Superior, que se matricula en materias de terceiro curso para completar créditos cando está a realizar primeiro ou segundo e, polo tanto, responde a estas enquisas cunha percepción moi parcial da titulación.

De centrarnos nos indicadores, nas *Enquisas de Avaliación Docente* é de destacar a puntuación global do grao de satisfacción do alumnado de 3.40 (fronte a 3.32 do curso 19/20), continuando a liña ascendente e superándose a meta de calidade asociada a este obxectivo de planificación e desenvolvemento do ensino, o que constitúe un aval á valoración positiva efectuada. De centrar a atención nos diferentes aspectos avaliados, os resultados amosan un incremento do grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (4.28 sobre 5, fronte a 3.96 do ano anterior), incremento que tamén se produce no bloque de planificación e desenvolvemento da ensinanza (3.31 sobre 5), alcanzándose a meta de calidade asociada. En particular, valórarse “*a coordinación para evitar solapamentos de contidos, incoherencias* entre profesorado da materia” (4.22/5), aspecto vinculado coa propostas de mellora implantada no centro, que é a elaboración dun cronograma de cada materia na que se planifiquen as entregas de traballos, as avaliaciós e a responsabilidade de cada docente neste proceso. Tamén se valora satisfactoriamente o equilibrio entre os créditos asignados ás materias e o seu volume de traballo (4.12/5). Nos ítems referidos á planificación e desenvolvemento docente as puntuacións acadadas oscilan entre un rango que vai do 4.19 e o 4.30 sobre 5 (fronte ao 3.82 e 4.09 do ano anterior), polo que se poden considerar moi positivas.

Do mesmo modo, as *Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación* amosan mellores resultados ca en anos anteriores. É o caso da satisfacción xeral do alumnado que acada 3.40/5, sendo os ítems mellor valorados a “*utilidade das prácticas da titulación*” (3.78/5), aspecto recorrente dende hai anos, e os equipamentos do centro, tanto os referidos a “*espazos para traballo autónomo*” (3.71/5) como as “*aulas e o seu equipamento*” (3.68/5), froito do esforzo realizado nos últimos anos e que continúa a ser unha prioridade. Pola contra, aínda sendo os ítems peor valorados, destaca a mellora que se observa en aspectos como a “*orientación académica recibida no PAT*” (3.04/5 fronte a 2.97/5) e “*os horarios da titulación*” (3.18/5 fronte a 2.89/5), que reflecten, por unha banda, o esforzo por visibilizar dende as diferentes coordinacións implicadas as accións vinculadas a este plan e, pola outra, as facilidades para o seguimento e compatibilización de horarios de diferentes cursos, a través do procedemento de cambio de grupo, ao estudiantado procedente do Ciclo Superior de

Educación Infantil que valida 30 ECTS, o que os obriga a completar os créditos en máis de un curso.

Outros aspectos que reflicten unha maior satisfacción con respecto ao ano anterior son a “*distribución e orde das materias no plan de estudos*” (3.42/5 fronte a 3.18/5), a “*distribución e orde das materias no plan de estudos*” (3.42/5 fronte a 3.18/5) e a “*coordinación entre materias do plan de estudos*” (3.29/5, fronte a 2.52/5), resultados que referandan as accións de coordinación interdisciplinar iniciadas no curso 18/19 e continuadas no 19/20, así como o traballo a prol da percepción entre o alumnado da vinculación existente entre as diferentes materias. Para iso, e tendo en conta a actualización do plan formativo a través da coordinación e planificación docente e a exploración de vías de colaboración interdisciplinar, promovéronse accións formativas sobre novas metodoloxías e ferramentas para a mellora da coordinación docente, como, por exemplo, os cursos “Optimización do uso pedagóxico dos novos recursos informáticos para a docencia virtual” (1-15 de decembro de 2020); “Do xiz ao teclado. Metodoloxías activas para o ensino en liña/De la tiza al teclado. Metodoloxías activas para o ensino on-line” (5-15 marzo 2021); “Posibilidades do campus remoto para a participación do alumnado” (28 de maio-7 de xuño de 2021); “Explorando as posibilidades de moodle (Moovi): para a interacción e colaboración co alumnado” (26-30 xullo 2021).

De atender os resultados do colectivo docente, analizados cada dous anos, as *Enquisas de satisfacción do profesorado* revelan un nivel elevado de satisfacción xeral (4.04/5), superándose a meta de calidade establecida polo centro. Destacan entre os ítems más valorados o “*calendario das probas de avaliação*” (4.68/5), mentres que os menos valorados son “*a orientación académica programada no PAT*” (3.63/5) e a “*oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado*” (3.38/5), aspecto no que o centro tenta responder dende o plan de formación continua do pdi, máis acaído aos intereses do profesorado do título.

Pola súa parte, na satisfacción das persoas tituladas obsérvase tamén unha mellora da valoración xeral (3.22/5 fronte a 3.08/5 do ano anterior) e en particular dos ítems: “*A formación adquirida na práctica*” (4.50/5) e a “*Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación*” (4.50/5), mentres que o menos valorado son “*as metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino*” e “*a atención do persoal de administración e servizos*”, ambos cunha valoración de 3.10/5, así como “*a orientación profesional e laboral recibida*” (2.60/5), o que require dunha proposta de mellora en canto á idoneidade do momento e do lugar no que se desenvolve esta información, por considerar que os contidos e enfoques son os axeitados.

De sinalar un dos efectos máis negativos da pandemia causado polas restricións sanitarias é de destacar a baixada no número de estudiantes que participaron en programas de mobilidade internacionais, que descendeu de 17 a 5, computándose unicamente un alumno/a estranxeiro no grao, en boa medida polo peche de fronteiras durante boa parte do curso académico.

Outros aspectos a sinalar en canto á organización e desenvolvemento refírense aos resultados da implementación da enquisa de avaliación docente do profesorado da materia Prácticum, que revelan un moi alto grao de satisfacción xeral por parte do alumnado (4.21/5) e cuxos ítems más valorados son a proporcionalidade do volume do traballo cos créditos da materia (4.63/5) e o respecto aos criterios de avaliación (4.34/5), fronte aos menos valorados que son os recursos didácticos recomendados (4.10/5) e a orientación e aclaración de dúbihdas

(4.12/5), aspectos estes que foron obxecto de atención en accións formativas do profesorado para identificar sinerxías entre os/as titores/as académicos para titorizar e orientar de forma integrada e eficiente as prácticas curriculares do estudantado; artellar recursos que posibiliten a progresiva colaboración entre os titores/as académicos; definir criterios de valoración das memorias que eviten discrepancias entre titores-as ou analizar a adaptación nos centros educativos á situación provocada pola COVID-19 e as súas repercusións nas prácticas curriculares, aspectos avaliados no curso teórico-práctico “Presente e futuro do prácticum dos Graos de Educación Infantil e Primaria” (7-28 de maio de 2021).

Tamén é de sinalar o desenvolvemento do programa formativo “TFG con alegría”, no que se implementaron seminarios de apoio e orientación para o estudantado matriculado na materia de Traballo de Fin de Grao co obxectivo de favorecer o desenvolvemento das súas competencias clave de carácter procedemental. Articulouse así unha resposta á demanda que se viña observando nas enquisas de satisfacción e avaliación docente, que é analizada con máis detalle no informe xeral por implicar a todos os graos.

Outro aspecto a sinalar é a colaboración multidisciplinar materializada en eventos ao redor de efemérides como o *Día de Rosalía* (24 de febreiro de 2020), no que participou profesorado e alumnado de materias das ciencias sociais, da expresión musical e da expresión artística, da didáctica das linguas, das novas tecnoloxías e da lingua e literatura galegas, participantes e organizadores tamén do programa “O Día das Letras Galegas con voz de muller: de Rosalía de Castro a Xela Arias” (maio 2020), algúns de cuxos resultados se poden visualizar en <https://tv.uvigo.es/series/609e3135ca40eb1fc34af8a3>.

Finalmente, dicir que se continuou neste curso 2020/2021 coa implantación do Plan de Normalización Lingüística, incorporándose as materias de segundo curso. Obsérvase un claro compromiso dos docentes do Grao, aos que se lles ofreceu a posibilidade de traducir por parte de profesionais os materiais docentes que precisasen e cuxo proceso, alén de recoñecer o uso da lingua galega, xa consolidado no grao, tamén está a animar á reflexión e participación activa de docentes que ata o de agora non tiñan reparado na cuestión lingüística ou aqueles que se van incorporando á docencia no Grao.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino	Analizar e debater entre o profesorado do título naqueles órganos competentes a pertinencia dunha tipoloxía metodolóxica que caracterice a formación das mestras/es en Educación Infantil e poida ser recollida no SET (Suplemento Europeo ao Título).
A orientación profesional e laboral recibida	Modificación da sesión de orientación e saídas profesionais para garantir que todo o alumnado sexa receptor desta información

### 3.1.2. Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Para comunicar de forma axeitada a todos os grupos de interese as características do programa formativo e dos procesos que garantan a súa calidade, a titulación de Educación Infantil conta con mecanismos satisfactorios, tal como reflecten as *Enquistas de Avaliación Docente*, en concreto no ítem: “*a guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...)*”, que acada unha puntuación de 4.29/5. De igual modo, nas *Enquistas de Satisfacción coa titulación* obsérvase un notable incremento das valoracións do estudiantado en ítems como “*a utilidade da páxina web da titulación*” (3.68/5 fronte a 3.59/5) e “*a facilidade para atopar contidos na páxina web*” (3.61/5), resultados áinda máis significativos no caso do profesorado (4.43/5) e dos titulados/as (4.0/5).

É de sinalar que unha das propostas de mellora nas que se investiu máis esforzo no curso 20/21 foi na incorporación de materiais audiovisuais na web da facultade, que se valora moi positivamente tanto polo alumnado en “*a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)*” (3.42/5) coma polo profesorado, que valora especialmente “*a accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web*” (4.76/5).

Pola contra, e seguindo a liña doutros anos, o ítem peor valorado é o referido á “*información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas...)*” (2.76/5), aspecto no que se investiu esforzo por visibilizar as iniciativas que se levan a cabo no título e no centro, tanto a través da propia páxina web (actualidade, <http://fcce.uvigo.es/gl/actualidade/>), como das pantallas colocadas na entrada da facultade, dos grupos de whatsapp de materias a través dos delegados/as de curso e tamén das redes sociais (facebook e instagram). Do mesmo xeito tamén se implementará no marco de Plan de Acción Titorial algunha acción de visibilización da oferta deportiva, educativa e cultural, en particular do campus activo da Uvigo ([campusactivo.uvigo.gal](http://campusactivo.uvigo.gal)), na que sexa o propio alumnado participante en diferentes actividades o que conte as súas experiencias co fin de animar aos iguais e crear empatía para que se impliquen nestas actividades extracurriculares de saíde e benestar a UVigo nos tres campus.

#### Puntos débiles detectados:

Información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas...)

#### Accións de mellora a implantar:

Promover maior seguimento a través das redes sociais; e animar a delegadas e delegados de curso a transmitir a información sobre actividades extracurriculares e a participación nelas.

Implementar no Plan de Acción Titorial algunha acción de visibilización da oferta deportiva, educativa e cultural, implicando ao propio alumnado participante.

### 3.1.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidad

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

É de sinalar que os protocolos de calidade son xerais a todo o centro, polo tanto a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das titulacións. Se ben o único dato específico disponible en relación á satisfacción do alumnado co sistema de garantía de calidade e as vías nas que pode participar na mellora da titulación acada un valor de 3.29/5 (fronte a 3.14/5 do ano anterior), que ascende a 3.42/5 entre os titulados e a 4.22/5 entre o profesorado. É de sinalar que a Comisión de Garantía Interna de Calidade ten acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a Mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.1.4. Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2020/21 o cadre de persoal reflicte unha baixada en canto ao nivel de cualificación e aos resultados da avaliación da actividade investigadora. No primeiro caso, a porcentaxe de docentes que conta con sexenios de investigación descendeu ao 50% (fronte ao 59.09% do ano anterior) e o persoal que conta co título de doutor sitúase no 43.55% (fronte ao 65.05% do curso 19/20), cualificación que non acada a meta de calidade marcada polo centro ( $\geq 50\%$ ), reflectindo que o perfil contractual do cadre de persoal docente que imparte no Grao de Educación Infantil presenta un alto índice de precariedade dende o punto de vista da estabilidade e o seu grao de vinculación coa institución académica.

Dos 62 docentes do título só teñen vinculación permanente 22 (35.48%), moi por debaixo do obxectivo de calidade do centro que está no 50%. O resto do cadre docente está formado por 3 axudantes doutores, 11 contratados interinos, 1 predoutoral da Xunta, 1 contratado/a FPU e 19 profesores asociados, datos que reflicten un descenso continuo do persoal con vinculación permanente, en beneficio de contratados a tempo parcial, o que redunda en sobrecarga de responsabilidades para os primeiros e dificultades de coordinación e falta de disponibilidade, en moitos casos, dos segundos, por verse obrigados a compatibilizar diferentes traballos. Non obstante, a cualificación e implicación do profesorado actual é suficiente para manter os estándares na titulación e alcanzar uns resultados satisfactorios, tal como se veñen analizando neste informe, acordes cos obxectivos do Título.

Referéndase esta percepción no grao de satisfacción do alumnado do título co labor docente do profesorado que é altamente satisfactorio, tal como se revela nas *Enquisas de Avaliación Docente do profesorado*, acadando unha puntuación xeral de 4.28/5 (fronte a 3.96/5 do ano anterior), ademais de superar os 4 puntos sobre 5 en todos os ítems. En concreto, os mellor valorados son o respecto

aos criterios de avaliación recollidos na guía docente (4.39/5), a adecuación das metodoloxías á guía docente (4.30/5) e a utilidade dos recursos didácticos empregados (4.20/5), mentres que os ítems menos valorados son os referidos á orientación e resolución de dúbidas (4.16/5), a organización das clases (4.19/5) e o enfoque das probas e actividades de avaliación para favorecer a aprendizaxe (4.19/5), aínda que en todos eles cunha puntuación moi satisfactoria.

A participación do profesorado da titulación en plans de formación rexistrou neste curso un descenso, pasando de 28 a 21, o que revela, por unha parte, o mantemento interese e implicación coa formación continua e a adaptación ás necesidades da docencia virtual impostas pola pandemia pero, pola outra a dificultade de seguimento de formación polo aumento considerable da carga de traballo que supuxo a nova situación sanitaria e incluso a conciliación familiar, fundamentalmente para moitas mulleres. A necesidade formativa foi atendida polo centro cun programa específico de formación continua e accións puntuais (conferencias, xornadas, obradoiros, simposios etc.) que se celebraron con regularidade na Facultade, durante este ano en formato virtual, o que representa unha oportunidade de actualización e mellora da actividade docente.

A mesma tendencia reflicte o persoal de Administración e Servizos (PAS), entre o que tamén se produce un importante descenso na porcentaxe de participación en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas, que pasa do 80.46%, do ano anterior ao 68.59% deste ano, non acadándose a meta de calidade asociada ( $\geq 75$ ), mais que se prevé sexa unha baixada puntual polas excepcionais circunstancias sanitarias.

Malia todo, a satisfacción do alumnado cos Recursos Humanos continúa sendo elevada, alcanzando unha valoración de 3.42/5, valoración positiva que tamén fan os/as egresados/as, 3.28/5 (fronte a 3.18/5) e, sobre todo, o profesorado (4.41/5).

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: -
------------------------------	-----------------------------------

### 3.1.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título considéranse adecuados para o correcto desempeño da actividade formativa e están en constante adaptación ás necesidades tecnolóxicas (cobertura da rede wifi, equipamento de aulas integra para a docencia virtual, electrificación de aulas, renovación de equipamentos informáticos, implementación de cámaras e micrófonos...), ademais de atender ás características e especificidades requiridas polas distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...).

Para o desenvolvemento da docencia, os agrupamentos rexistraron un lixeiro descenso na media de alumnado por grupo (Grupos A= 52.90; Grupos B= 29.01; Grupos C= 14.36), o que contribúe ao desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, atendendo ás características das distintas materias e tamén ás circunstancias sanitarias derivadas da pandemia da COVID-19.

A percepción por parte do alumnado sobre estes recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvimento do título é moi satisfactoria, tal como recollen as *Enquisas de Satisfacción coa titulación*, nas que o alumnado valora moi positivamente os espazos para o traballo autónomo (3.71/5) e as aulas e o seu equipamento (3.68/5), valoración moi similar ás plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (3.43/5) e os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (3.54/5). No caso do profesorado valora tamén moi positivamente estes recursos (4.86/5).

Cabe sinalar que aínda que a satisfacción cos espazos e recursos é moi elevada, a innovación é unha das marcas do título, de aí a constante preocupación por investimentos actualizados para a docencia. Neste sentido, é de salientar que, froito do debate que se veu promovendo nos últimos anos (ver proposta de mellora, SIG 18-19. Analizar a posibilidade de crear un laboratorio de lingua ou habilitar unha biblioteca de aula), tomouse a decisión de crear unha aula de recursos para a educación infantil e primaria que ao longo do actual curso estará en proceso de desenvolvimento. Esta aula estará situada no pavillón 1, andar 0 e ocupa un espazo diáfano de aproximadamente 40 metros cadrados. Será un punto de encontro interdisciplinar e cun enfoque global, no que se disporá de materiais de carácter diverso (musicais, motrices, artísticos, lingüísticos, literarios...). En canto á súa funcionalidade, ademais de estar ao servizo da formación de futuras mestras e mestres tamén se pretende que sirva como espazo de conexión con escolas da contorna e a universidade e, polo tanto, promover accións de transferencia educativa.

No referido ás prácticas externas, o grao de satisfacción mostrado polo alumnado segue sendo moi elevado coa utilidade das prácticas da titulación, que se sitúa en 3.78/5 (fronte a 3.59/5 do ano anterior). É de salientar a baixada do número de alumnas/os que fixeron as súas prácticas no curso 20/21, en boa medida pola situación sanitaria e as restricións dela derivadas, o que provocou que só 69 estudiantes se matriculasen na materia, fronte aos 93 do ano anterior. A distribución en 44 centros educativos asentou entre 1 e 6 estudiantes por centro, cunha maior presenza nos colexios da cidade de Ourense e Vigo, mentres que no resto de centros do sur de Galicia a presenza foi maioritariamente de 1 ou 2 estudiantes por centro educativo. O grao de satisfacción mostrado polos egresados en relación á ‘*formación adquirida na práctica*’ é o ítem mellor valorado por este colectivo, 4.50/5.

Tamén é de sinalar a participación dunha alumna desta materia no Programa “Generación Docentes”, da Fundación Princesa de Girona, que lle permitiu ampliar o seu período de prácticas (de xaneiro a maio de 2021) nunha escola rural de Estremadura, unha experiencia de aprendizaxe que resultou ser moi significativa e que converxe cunha das inquietudes que se están a debater no seo da comisión de prácticas da Facultade, a promoción de prácticas curriculares en contextos rurais e centros de boas prácticas desta contorna, estudándose posibles alternativas para fomentar o interese do alumnado por estes contextos.

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar:
	Preséntase unha proposta innovadora que é a de crear unha aula de recursos para a educación infantil e primaria que sexa punto de encontro interdisciplinar e cun enfoque global

### 3.1.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Pódese afirmar que os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación. Esta valoración asenta en datos como a taxa de éxito global do título, que se mantén no 97%, concretizándose nunha taxa de éxito por materia que oscila entre o 92.86% e o 100%, na que quedan por debaixo deste índice unicamente as materias de *Psicoloxía: Identificación, prevención e tratamiento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta* (71.13%), *Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual* (89.66%), *Aspectos didácticos e organizativos da educación especial* (83.22%), *Escola inclusiva e atención á diversidade* (87.38%), *Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación* (88.89%) e *Lingua española* (89.13%), pero cuns índices próximos á meta de calidade do centro ( $\geq 90$ ).

De observar os datos das *Enquisas de Avaliación Docente* o estudiantado amósase globalmente moi satisfeito co labor docente (4.30/5), en particular por considerar que as probas e actividades para a avaliação favorecen a súa aprendizaxe (4.19/5) e co cumprimento dos criterios de avaliação establecidos na guía docente (4.39/5). Pola súa banda, a valoración nas *Enquisas de Satisfacción coa titulación* tamén amosan un alto grao de satisfacción cos resultados de aprendizaxe (3.36/5), valorando en particular a formación adquirida (3.42/5, fronte ao 3.00/5 do curso pasado) e o cumprimento das expectativas formativas (3.30/5). Uns resultados similares son os das persoas tituladas, que valoran tamén de modo positivo a formación adquirida (3.45/5) e a utilidade da formación recibida para a carreira profesional (3.35/5), mentres que o profesorado valora a formación de coñecementos e contidos adquirida polo alumnado e a capacidade do estudiantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas con 3.99/5.

Así mesmo, a puntuación media do alumnado unha vez rematados os estudos é de 7.94, o que permite concluír que os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). Entre os posibles factores que inciden na elevada puntuación media das persoas egresadas está a alta valoración que lles outorgan os titulares/as externos na materia de Prácticum (cunha carga de 48 dos 240 créditos da titulación) e tamén a especialización didáctica dos docentes da facultade, de comparala con outros perfís docentes da propia Universidade.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.1.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados dos indicadores do programa formativo en relación á satisfacción e rendemento do alumnado considéranse axeitados en base ás puntuacións globais obtidas. Nas *Enquisas de Satisfacción coa titulación* o estudiantado valora o cumprimento das súas expectativas formativas con 3.30/5 e a formación adquirida con 3.42/5. Pola súa parte, o profesorado tamén valora moi satisfactoriamente os resultados de aprendizaxe con 3.99/5, mentres que os egresados valoran satisfactoriamente tanto “*a formación adquirida*” (3.45/5) como a súa utilidade para a carreira profesional (3.25/5).

En canto ás taxas de rendemento en xeral, os resultados acadados son altamente satisfactorios, manténdose en niveis de anos anteriores e alcanzándose en todos os indicadores as metas de calidade establecidas. De modo máis concreto, cabe sinalar o mantemento da taxa de rendemento (93%), a diminución da taxa de abandono (0.00%, fronte a 7.55% do ano anterior), o aumento da taxa de eficiencia (97%, fronte ao 95% do ano anterior) e da taxa de graduación (89.66%, fronte a 73.08%), así como o mantemento da taxa de éxito (97%). En canto á duración media de estudos non se conta con datos.

A taxa de rendemento (93%) mantense superior á meta de calidade do centro ( $\geq 80\%$ ), agás en catro materias que son: *Traballo de Fin de Grao* (61.74%), *Aspectos didácticos e organizativos da educación especial* (62.50%), *Psicoloxía: Identificación, prevención e tratamiento dos trastornos do desenvolvimento e da conducta* (65.09%) e *Ética e deontoloxía profesional* (71.43%), se ben nalgúns destes casos o estudiantado que se presenta para ser avaliado supera a materia no 100% dos casos.

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: -
------------------------------	-----------------------------------

## 3.2. Seguimento da titulación: Grao en Educación Primaria

### 3.2.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

#### Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

A organización e desenvolvemento da titulación podemos valorala de forma moi positiva, dada a favorable e progresiva evolución de todos os indicadores. En efecto, en todos os casos, sitúanse por riba da meta establecida e, en moitos deles, cunha superioridade considerable, coa excepción dun ítem, que comentaremos con máis detalle a continuación. Así, a nota media de acceso subiu máis dun punto nun prazo de dous cursos, situándose no 2020/2021 nun 9,46. Isto mesmo ocorre coa nota mínima de admisión, que acada o 8,81, nun claro ascenso progresivo, desde o 7,82 do curso 18/19 e o 8,14 do curso inmediatamente anterior. En relación con estes datos, os índices de preferencia e ocupación tamén aumentaron, superando amplamente as correspondentes metas, de xeito que é moi elevado o alumnado que elixe o noso grao como primeira opción (172%) e a ocupación das prazas ofertadas en primeiro curso por alumnado de novo ingreso está por riba do 100%, o que se traduce nunha matrícula por prescripción de 88 estudiantes para unha oferta de 75, matrícula en continuo crecemento. En cambio, a taxa de adecuación descendé de forma considerable, ítem que, como comentabamos, resulta o único en non superar o obxectivo de calidade do centro. Os motivos poden estar relacionados precisamente co ascenso da nota media, pois temos que entender que, a pesar de ter un índice de preferencia tan alto, está accedendo alumnado que escollera o noso grao como segunda opción debido a presentar notas de ingreso superiores. En todo caso, non consideramos esta circunstancia negativa, posto que contamos cun índice de abandono case nulo (3,23%), moi inferior á meta (20%) e que presenta ademais unha clara tendencia descendente, desde o 14,2% e o 8,14% nos dous cursos anteriores, aínda que nestes o índice de adecuación fose maior. Este alumnado accede maioritariamente a través dos estudos de bacharelato e ABAU, mentres que só un 11% o fai desde ciclos de Formación Profesional e unha única persoa doutro grao.

Continuando cos datos positivos, encontramos unha estabilidade no nivel de satisfacción dos tres colectivos analizados, estudiantado, profesorado e persoas tituladas, que acadan valores superiores á meta e que nos permiten destacar a valoración positiva da titulación no seu conxunto, aínda que tamén cómpre ter en conta que o nivel de participación, á hora de cubrir estas enquisas, é menor do desexado, sobre todo no que se refire ao colectivo do alumnado e persoas egresadas (17 e 16 por cento respectivamente), mentres que no caso do profesorado si supera o 50%. Canto ao bloque de organización e desenvolvemento en concreto, no caso do estudiantado, o promedio é case de 3 (2,99) sobre 5, polo que o consideremos positivo, xa que ademais ascende con respecto a cursos anteriores. O ítem mellor valorado é o referido á utilidade das prácticas da titulación, cun alto 3,9, mentres que

o máis baixo segue sendo o “calendario das probas de avaliación” (2,63), polo que teremos que revisar esta cuestión de cara a futuros cursos. En todo caso, todos os ítems están por riba do 2,5 e, menos este último, que acabamos de comentar, aproxímanse ao 3 ou incluso o superan. Con fin de aumentar a valoración relativa á coordinación entre as materias, no curso 2021-2022 estamos levando a cabo unha proposta de mellora que pretende abrir un diálogo entre os diferentes docentes de cada un dos cursos, máis alá da coordinación entre o profesorado que imparte a mesma materia, enfocado tanto a consensuar datas de entregas de tarefas e actividades, como a aproveitar posibles sinerxías metodolóxicas. Porén, dado que se trata dunha medida novedosa, cómpre esperar ás próximas enquisas e, incluso, un par de cursos, para comprobar a súa efectividade e se repercuta ou non nun aumento da valoración deste ítem nas enquisas de satisfacción.

Ademais, estes datos favorables vense reforzados áinda máis se analizamos as enquisas de avaliação docente, que consideramos máis fiables pola maior participación e porque, ao referirse a materias concretas, achegan datos máis contextualizados. Nestas as valoracións en todos os ítems superan o 4 sobre 5.

Canto ao colectivo de titulados, todos os indicadores superan tamén o 2,5 e a maioría o 3, pero o ítem menos valorado dos referidos ao desenvolvemento do ensino atinxé ás metodoloxías empregadas (ítem 3), motivo polo cal propoñemos abordar a análise desta cuestión por parte do profesorado, coa perspectiva de introducir prácticas innovadoras de cara a futuros cursos.

Con respecto ao Plan de Normalización Lingüística no que a Facultade se integrrou de forma voluntaria, continuamos coa incorporación de novos cursos ao proxecto de galeguización do grao, neste caso o segundo curso. Co fin de facilitarlle ao profesorado o uso da lingua galega como vehicular nas súas materias, levouse a cabo a tradución de todo o material que os docentes demandaron.

Cómpre engadir que, ademais, a Facultade está instaurando unha tradición de colaboración multidisciplinar na organización e celebración de efemérides, como o Día de Rosalía ou a celebración das Letras Galegas, que no curso 20-21 se enfocaron ademais de xeito integrador, baixo o título O día das Letras Galegas con voz de muller: De Rosalía de Castro a Xela Arias (<http://fcce.uvigo.es/gl/evento/o-dia-das-letras-galegas-con-voz-de-muller-de-rosalia-de-castro-a-xela-arias>).

Por último, no que se refire ao Traballo de Fin de Grao, puxemos en marcha no curso 20-21 o programa “TFG con alegría”, que pretende axudar o alumnado na mellora de diferentes competencias procedementais claves para esta materia, a través de seis accións formativas (<http://fcce.uvigo.es/gl/docencia/trabajo-fin-de-grao/programa-tfg-con-alegria>).

**Puntos débiles detectados:**

Índices de participación baixos nas enquisas de satisfacción, sobre todo no colectivo de alumnado e persoas egresadas.

Valoración baixa durante dous ou tres anos consecutivos do calendario das probas de avaliación por parte do alumnado.

Menor puntuación no ítem referido ás metodoloxías empregadas no desenvolvemento do ensino.

**Accións de mellora a implantar:**

Aumentar a porcentaxe de alumnado participante nas enquisas de satisfacción.

Revisar o calendario das probas de avaliación.

Comprobar se a proposta de mellora con respecto á coordinación entre materias de cada curso está surtindo os efectos esperados.

Analizar e debater entre o profesorado do título, nos órganos pertinentes, a pertinencia dunha tipoloxía metodolóxica innovadora que caracterice a formación das mestras/es en Educación Infantil e poida ser recollida no SET (Suplemento Europeo ao Título).

**3.2.2.Criterio 2. Información e transparencia**

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidad.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa disponible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudiantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O principal recurso que emprega a Facultade para comunicar a todos os grupos de interese a información relativa tanto ao propio grao, como á Facultade e á Universidade, en xeral, así como para visibilizar todos os procedementos de calidade que se están levando a cabo, é a páxina web, que ademais se someteu a un proceso de mellora no curso 18-19. E, neste sentido, os resultados sen dúbida temos que cualificalos como moi positivos, xa que tanto nas enquisas de satisfacción como nas de avaliación, os ítems referidos á páxina web acadan valores altos: 3,56 canto á facilidade para atopar os contidos e un alto 3,94 no que respecta á súa utilidade, nas enquisas de satisfacción. De feito, nestas son os ítems relacionados coa páxina web os que destacan entre os mellor valorados. E os valores ainda aumentan máis se nos fixamos nos informes de avaliación, xa que o alumnado outorga un 4,3 á claridade e comprensión das guías docentes. O único ítem que neste bloque das enquisas de satisfacción presenta resultados baixos é o relativo á información sobre as actividades extracurriculares, o que se arrastra ademais de cursos anteriores e demostra, polo tanto, que a modificación da páxina web non contribuíu a mellorar esta debilidade, polo que haberá que telo en conta para o próximo curso.

**Puntos débiles detectados:**

-Menor valoración da información sobre as actividades extracurriculares, a pesar de que a páxina web, en xeral, obtén puntuacións altas.

**Accións de mellora a implantar:**

- Promover o seguimento das actividades extracurriculares a través das redes sociais. Ademais, tamén se implementará no marco do plan de acción titorial algunha acción de visibilización da oferta deportiva, cultural e de lecer, en particular do campus activo (campusactivo.uvigo.gal), na que sexa o propio alumnado participante en cursos anteriores quen conte as súas experiencias, co fin de implicar aos iguais neste tipo de actividades orientadas á mellora da saúde e o benestar.

**3.2.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidad**

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**

A análise deste criterio realizarase de forma conxunta para as sete titulacións da Facultade, xa que o sistema interno de garantía de calidade implica a totalidade do centro.

De todos os xeitos, cómpre destacar que o único dato do que dispoñemos referido en concreto ao noso grao, en relación coas vías de participación do alumnado (ítem 11 das enquisas de satisfacción), ofrece un resultado positivo, xa que aumentou con respecto a cursos anteriores, de xeito que no 20-21 supera o 3 (3,29).

**Puntos débiles detectados:** -

**Accións de mellora a implantar:** -

### 3.2.4.Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con respecto á cualificación do persoal docente, como en cursos anteriores, destacan os resultados de avaliación da actividade investigadora, posto que case o 60% do profesorado conta con sexenios de investigación, superando amplamente a meta establecida polo centro. En cambio, atopamos un descenso no número de profesionais que contan co título de doutoramento, de xeito que neste curso non supera o obxectivo de calidade, situado no 50%. As causas temos que buscalas no aumento de profesorado convidado (4 no curso 20-21), así como na presenza de docentes procedentes das listas de agarda (11), aínda que tamén na incorporación de catro investigadores predoutorais. Así como este último perfil de profesorado o valoramos moi positivamente, temos que analizar de forma crítica o aumento de docentes convidados e da lista de agarda, dado que supoñen un profesorado inestable e que, no caso dos convidados, nin sequera contan cun contrato, que lles permita dispor de dereitos básicos, como un despacho ou acceso ás plataformas de teledocencia. En todo caso, esperamos que se trate dunha situación transitoria e que esta docencia sexa cuberta en futuros cursos por prazas consolidables, como xa está a ocorrer, de feito, no curso actual (21-22), no que se incorporou un número importante de axudantes doutores.

Polo tanto, de momento, a cantidade de profesorado con vinculación permanente continúa idéntica á do curso anterior, de xeito que seguimos sen superar a meta. Entre o profesorado non permanente, descende un docente na categoría de axudante doutor e dous na de asociado.

A pesar desta situación precarizada de parte do profesorado, os estándares da titulación mantéñense, como demostra a elevada puntuación recollida nas enquisas de avaliación docente, que superan en todos os ítems o 4 sobre 5, como xa indicamos. Cómpre destacar que estes valores ademais se incrementaron con respecto ao curso 18-19. Por exemplo no caso da “valoración global do profesorado” estamos a falar dun aumento de máis de medio punto: 3,66/5 fronte ao 4,09/5 actual. Do mesmo xeito, continúa a ser satisfactoria a media de alumnado por grupo, que mantén ademais valores semellantes no histórico, poñéndose de relevo así a súa estabilidade (A=57,26; B=28,63; C=14,93).

Ademais, continúa o aumento significativo e progresivo do profesorado que participa en programas de formación, desde que subiu de 5 a 17 no curso 18-19 e chegando a 23 no curso que estamos a analizar (20-21). Así mesmo, contamos tamén con profesorado participante en programas de mobilidade, aínda que neste caso a cifra é moito menor (dous docentes).

No que respecta ao persoal de administración e servizos (PAS), a porcentaxe dos que participan en programas de formación caeu algo máis de dez puntos desde o curso inmediatamente anterior, cun 68,59% no 20-21, volvendo a situarse por debaixo da meta establecida ( $\geq 75\%$ ), aínda que sen chegar á cifra do curso 18/19, polo que esperamos que volva a ascender no futuro. En calquera caso, nas enquisas de satisfacción do alumnado, o ítem referido á atención dos PAS acada unha puntuación de 3,69, sendo precisamente un dos mellor valorados. Na enquisa de satisfacción do profesorado a valoración dos PAS aínda é más positiva, cun alto 4,48.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.2.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais e servizos que ofrece a Facultade son valorados positivamente, como demostran os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado, nas que destacan os referidos aos laboratorios e espazos experimentais, xunto cos seus equipamentos (3,5/5), así como os espazos destinados ao traballo autónomo do alumnado (3,63/5), de xeito que este último se sitúa entre os ítems con puntuacións más altas. Do mesmo xeito, as persoas tituladas tamén priorizan entre os ítems mellor valorados os referidos a estes dous tipos de espazos. Estas puntuacións, en cambio, descenden lixeiramente no que respecta ás aulas e o seu equipamento (3,19/5), así como ás plataformas de teledocencia (3,19/5), aínda que, como podemos comprobar, en ningún caso baixan do 3. Con respecto ás aulas, o motivo pode radicar en certo grao de deterioro dalgúns recursos imprescindibles para o uso dos dispositivos dixitais, como pode ser a electrificación, que requiren un mantemento case continuo e que, en consecuencia, deben ser revisados anualmente. Canto ás plataformas de teledocencia, consideramos que esa puntuación algo inferior, aínda que non negativa, pode deberse ao período de transición que supuxo o paso de Faitic a Moovi, o que provocou que non todos os docentes usasen a mesma plataforma, coa consecuente confusión entre o alumnado, o que xa se está intentando modificar neste curso, coa migración xeneralizada cara ao uso de Moovi, plataforma más innovadora e versátil, aínda que de máis difícil utilización, o que provoca reticencias entre algúns docentes. Para paliar isto, desde a Facultade ofrecéronse diferentes cursos de formación no seu uso e aplicacións didácticas.

Aemás de mellorar os equipamentos das aulas estándares, aspiramos a dispoñer de espazos más versátiles que se adapten a metodoloxías innovadoras, polo que decidimos crear unha aula de recursos, destinada a realizar prácticas de ensino-aprendizaxe, sobre todo orientadas ao traballo co alumnado dos primeiros cursos de primaria (6-8 anos) e de infantil. Esta aula estará situada no pavillón 1, andar 0, un espazo diáfano de aproximadamente 40 metros cadrados. Será un punto de encontro interdisciplinar e cun enfoque global, no que se disporá de materiais de carácter diverso (musicais, motrices, artísticos, lingüísticos...). Tamén se pretende que sirva como espazo de conexión con escolas da contorna, de xeito que permita promover accións de transferencia educativa.

No tocante ás prácticas externas, o grao de satisfacción é altísimo, como evidencian as elevadas puntuacións obtidas en todos os ítems relacionados con esta parte da titulación. Así, a

valoración global é de 4,31, representando un incremento de case medio punto con respecto ao curso anterior. Ademais, as persoas tituladas destacan a “formación adquirida na práctica” coa mellor valoración outorgada nas súas enquistas (4,5/5). Por último, dada a gran rede de centros educativos dispoñible para a realización das prácticas, a distribución está moi repartida e é bastante variada, aínda que predominan os centros de Ourense.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<ul style="list-style-type: none"><li>- Menor valoración das aulas que dos espazos autónomos e os laboratorios.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Revisión da electrificación das aulas.</li><li>- Preséntase unha proposta innovadora: a creación dunha aula de recursos para a educación infantil e primaria que sexa punto de encontro interdisciplinar e cun enfoque global.</li></ul>

### 3.2.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe acadados son excelentes, iguais ou mellores que no curso anterior, cando xa se situaban en índices moi altos. En efecto, no curso 20-21 contamos cunha taxa de éxito global que roza o 100% (99%), ao igual que no curso 19-20, cando subira un punto, polo que se supera por suposto o obxectivo de calidade do centro. Canto ao desglose por materias, só unha se sitúa por debaixo do 90% (meta establecida), “Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual”, aínda que a escasa distancia (86,27%), encontrándose a maioría por riba incluso do 95%.

Nas enquistas de satisfacción do alumnado, no bloque 6, dedicado aos “Resultados de aprendizaxe”, as valoracións tamén son positivas, sobre todo da formación adquirida (3,19/5), aínda que algo menor no ítem no que se pregunta sobre o cumprimento das expectativas formativas (2,88/5).

Por último, as enquistas de avaliación docente do profesorado amosan resultados ainda mellores, que ademais aumentan con respecto a anos anteriores. Por exemplo, no ítem “as clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe da materia” acádase un alto 4,11, superando o 3,61 obtido no curso 18-19, que xa se consideraba claramente positivo. O mesmo ocorre co ítem “as probas e as actividades para a avaliação favorecen a aprendizaxe”, que sobe dun 3,9 a un 4,12.

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: -
------------------------------	-----------------------------------

### 3.2.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecuáñanse ás previsións e características do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste criterio a valoración é de novo moi positiva. Igual que ocorría coa taxa de éxito, tamén se aproximan ao 100% as taxas de eficiencia e rendemento (96% e 95% respectivamente). Canto á taxa de graduación, é así mesmo alta e ascende máis de catro puntos con respecto ao curso anterior, acadando case un 80% e superando polo tanto amplamente a meta establecida ( $\geq 50\%$ ). Ademais, como xa comentamos, a taxa de abandono presenta unha liña progresivamente descendente nos últimos anos, o que sen dúbida é indicativo do alto grao de satisfacción do alumnado coa nosa titulación. No curso 20-21 sitúase nun reducido 3,23%, moi por debaixo da meta establecida polo centro (20%).

Do mesmo xeito se comporta a evolución do alumnado de novo ingreso, aínda que neste caso en sentido inverso e polo tanto tamén favorable para o grao, xa que continúa a liña ascendente dos últimos anos, desde os 79 do curso 18-19, pasando polos 81 do 19-20, ata chegar aos 88 no curso que estamos a analizar, de xeito que a taxa de ocupación supera o 100%, cumpríndose polo tanto de novo os obxectivos de calidade.

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: .
------------------------------	-----------------------------------

### 3.3. Seguimento da titulación: Grao en Educación Social

#### 3.3.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

#### Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

A pesar de que continuamos baixo os efectos da pandemia provocada pola COVID-19, o programa formativo “Grao en Educación Social” foi permanentemente actualizado e tense implantado de forma satisfactoria conforme ao establecido no plan de estudos establecido no devandito documento, non sendo detectadas incidencias importantes, o que posibilitou a axeitada adquisición de competencias por parte do alumnado matriculado no Grao en Educación Social. E destacable o esforzo do profesorado o do plano de goberno para garantir en todo momento que o alumnado recibira a súa formación de xeito adecuado, combinando a formación on-line e a presencialidade. Dicir, que no título de Educación Social, se mantivo un compromiso importante pola presencialidade, de tal xeito que os grupos medianos (GM) de todas as materias recibieron a súas formación presencialmente. Así mesmo, as optativas con menos de 50 alumnos tamén recibieron as súa clases teóricas (Grupos Grandes) e medianos de xeito presencial.

Na Memoria do Título recóllese evidencias que dan conta do interese científico, profesional e académico do título, da súa adaptación á lexislación vixente e a introdución de melloras a partir das necesidades detectadas. Máis alá diso, existen referentes externos que avalan a adecuación do mesmo aos estándares actuais e a coherencia coas propostas doutras facultades de educación galegas e españolas. Entre estas pódense destacar:

Membros da equipa de goberno da facultade e responsables do grao en Educación Social, participan con regularidade e de xeito activo na Conferencia de Decanas/os das Facultades de Ciencias da Educación (co fin de crear un foro de debate e intercambio aberto a todas as universidades españolas sobre temas de interese para as titulacións universitarias de educación).

Na docencia do Grao en Educación Social participan numerosos profesionais coa titulación de diplomado/a u graduado/a en Educación Social que exercen a súa labor profesional como Educadoras/es Sociais en diferentes ámbitos da intervención, o que axuda a recoñecer as demandas de formación deses e doutros ámbitos, o que supón unha conexión directa e actualizada co ámbito da intervención.

Dende a coordinación do título, en concordancia ca política da facultade, é habitual que se invite a xestores e profesionais do campo socio-educativo en activo (moitos deles titores ou xestores dos centros de Prácticum) que, ademais de orientar ao alumnado nas posibles saídas laborais, permite ao equipo docente coñecer os requisitos profesionais.

Seminarios e grupos de traballo realizados con docentes doutras universidades para analizar e revisar a actualidade dos contidos do título para fazer fronte ás novas esixencias profesionais.

Contactos informais con egresados/as que posibilitan analizar o axuste dos contidos do título coas necesidades detectadas na súa práctica profesional.

Relacións fluídas co CEESG (Colexio Oficial de Educadoras e Educadores de Galicia) e con outras organizacións profesionais galegas e estatais, o que permite coñecer as demandas

formativas destes colectivos.

A demanda de estudantes de novo ingreso situouse no presente curso en 84 estudiantes (para unha oferta de 75 prazas), incrementándose lixeiramente os índices de ocupación e de preferencia con respecto aos cursos pasados. Tamén se consolida o aumento progresivo da nota media de acceso detectado nos últimos cinco anos, pasando do 6,63 no curso 2016-2017 o 8,37 no curso 2020-2021, sendo a nota mínima de acceso un 7,75, dato que avala o interese do alumnado polo título. Para o Grao en Educación Social, no curso 2020-21 a taxa de ocupación foi do 112%, a de preferencia foi de 122,67%, datos que consolidan unha subida e que se sitúan moi por enriba do indicador de referencia situado nun 80%. Sen embargo. Así mesmo, o grao de satisfacción das empresas convidadas situouse nun 4,77 sobre 5, puntuación moi favorable. Por outra banda, si analizamos os estudos de acceso do alumnado, os colectivos máis numerosos son os estudantes que proceden do Bacharelato LOMCE e ABAU (55%)l seguidos polo alumnado de FP (42%).

Si analizamos os datos da *enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación*, e da *enquisa de avaliação docente do profesorado*, observamos que os seus resultados son satisfactorios en ambas. Se ben, esta última mostra puntuacións sensiblemente más altas. Es preciso indicar que as enquisas de avaliação docente do profesorado achegan información máis pormenorizada, pois as puntuacións outorgadas a cada ítem polo alumnado refírense a materias e docentes concretos. Pola contra, as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación teñen como obxecto de avaliação un *constructo* máis ambiguo e menos específico: o conxunto da titulación do Grao en Educación Social. Os resultados de ambas as enquisas non sempre son coincidentes, pois máis aló das singularidades antes comentadas, difiren tamén respecto o número de estudantes que responden; así, para ás enquisas de avaliação docente do profesorado participaron un 12,68% do alumnado.

Centrándonos na análise dos resultados das *enquisas de avaliação docente da titulación*, resaltar que todos os indicadores se sitúan en valores moi próximos o 4 sobre 5 ou superiores. A valoración global do profesorado sitúase en 4,08, a valoración da materia sitúase en 4,06, a planificación global en 4,09 e os resultados en 4,11. O análise dos resultados dos items sitúanse nun rango entre 3,95 (para a pregunta “As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia”) a 4,19 (“Cumple os criterios de avaliação establecidos na guía docente”).

As *enquisas de satisfacción do alumnado* coas titulacións amosan resultados mais discretos ainda que en xeral adecuados. Con todo, tres items sitúanse por debaixo dos 3 puntos, a orientación académica recibida no plan de acción titorial (2,33), a información sobre actividades extracurriculares (2,88) e os horarios da titulación (2,88). Estes indicadores descendieron respecto o curso anterior, e teñen que ser interpretados no contexto dunha pandemia que modifica e afecta os canles de información (o alumnado está menos presente no centro, a información estática no é ben visibilizada e a información vía e-mail provoca certa saturación). Ademais, non se puideron levar a cabo as xornadas de acollida, un acto especialmente importante para orientar o novo alumnado. Por outra banda, os items mellor valorados son “a utilidade das prácticas (4,0 sobre 5) e a formación adquirida (3,67).

É destacable que nos ano anterior propuxéronse acción de mellora relativas a satisfacción cos horarios (indicadores nos que se melloraron as valoracións dos alumnos de modo significativo no curso anterior), esta medida pasou por unha maior participación do alumnado, pero debemos insistir que debido a pandemia o curso pasado foi moi complexo, debido a reducción significativa de aforos, tema que condicionou os horarios e calendarios de exámenes.

<b>Puntos débiles detectados:</b> A orientación recibida no Plan de Acción Titorial	<b>Accións de mellora a implantar:</b> Revisar os proceso de información e orientación do PAT e retomar a Xornadas de Acollida.
----------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### 3.3.2. Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa disponible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Si temos en conta os resultados das enquisas de avaliação docente e de satisfacción do alumnado, podemos concluir que os mecanismos dos que dispón a titulación de Educación Social para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa formativo é altamente satisfactorio. Así, tal e como reflecten as puntuacións obtidas nas enquisas de avaliação docente do profesorado, en concreto ao ítem 1: “A guía docente (o programa) A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia: contidos, metodoloxías, sistemas de avaliação....”, asignanlle unha puntuación de 4.17/5. Así mesmo, o alumnado outórgalle unha puntuación de 4.42 ao ítem 9: 9: Cumple os criterios de avaliação establecidos na guía docente”. Datos que no seu conxunto son similares o do curso anterior, que xa eran moi bos.

Aínda que algo máis baixas, as puntuacións das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación tamén poden considerarse satisfactorias superando, a maioria dos items a puntuación de 3 sobre 5, a excepción dos xa comentados, que atribuímos a situación de pandemia que estamos a vivir.

Dentro desta enquisa de satisfacción do alumnado, destaca a puntuación nos ítems 7 e 8 foi dun 3,13/5, en ambos items. É destacable a puntuación acadada no ítem 10 ”A información sobre as actividades extraescolares (actividades culturais, deportivas, sociais, ...), que no curso anterior acadou unha de 3.27 obtivo nesta 2.88, pero non podemos esquecer a situación provocada pola pandemia por coronavirus, que dificultou enormemente a información tanto presencial como por canles electrónicos. Non obstante, aínda que se reconece que a información sobre eses temas non é responsabilidade directa da Facultade, trataremos de dinamizar e fazer o máis eficientemente posible a difusión da información.

<b>Puntos débiles detectados:</b> - Mellorar as canles de información	<b>Accións de mellora a implantar:</b> Non consideramos necesario implantar novas acción de mellora, pero si retomar as acción que tiñas en marcha previo o inicio da pandemia.
--------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### 3.3.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**

O Sistema e os Protocolos de calidade son comúns para todo o Centro, polo que a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións que se imparten na Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social.

É de salientar que dende a Facultade, se ten feito un esforzo para que a Comisión de Garantía de Calidade teña acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a Mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

**Puntos débiles detectados:** -

**Accións de mellora a implantar:** -

### 3.3.4. Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Para responder a este criterio, basearemos as reflexión en tres aspectos: a satisfacción do alumnado coa labor do profesorado e do PAS; as características do cadre de persoal docente na titulación; e a cualificación dos docentes e do PAS do título.

En canto ao primeiro punto (referido á satisfacción do alumnado), consideramos saliente que o grao de “satisfacción xeral do alumnado do título co labor docente do profesorado” que é moi satisfactorio, acadando unha puntuación de 3.98/5 nas enquisas de avaliación docente do profesorado. Ademais como principais fortalezas, na referida enquisa, destan tamén que: “as metodoloxías desenvolvidas polo profesorado se adecúan ao recollido na guía docente” (4.07/5); “O/a profesor/a aplica dun modo axeitado os criterios de avaliación recollidos na guía docente (ou programa)” con un 4.19/5 ou “A coordinación entre o profesorado da materia e axeitada” (4.07). En xeral, como xa foi comentado, a avaliación docente por parte do alumnado é moi favorable, en liña co observado nos cursos pasados.

Con todo, respecto as características do cadre de persoal docente (PDI) hai que recoñecer que o perfil contractual do cadre de PDI que imparte docencia no Grao de Educación Social non avanzou apenas nos últimos cursos respecto á situación existente nos anos previos: o profesorado a tempo completo incrementouse lixeiramente pasando do 22.73% o 36,59% e o de vinculación permanente incrementouse de un 20.45% a un 24,89% respecto o curso anterior. Non obstante, a plantilla de profesorado está representada por un total de 41 docentes, dos que un 63,41% teñen unha dedicación a tempo parcial, unhas porcentaxes que non son as mais axeitadas para unha boa xestión do título. Non obstante, no debemos esquecer que levamos moitos anos de crise económica que afectou as políticas de promoción do profesorado (taxa de reposición, xubilacións, paralización de novas

convocatorias de profesorado permanente...). Este un aspecto que debería mellorarse nos próximos anos, pero que non depende en gran medida das políticas do centro.

En terceiro lugar, respecto á *cualificación do PDI e PAS* do título, a pesar do indicado anteriormente, a cualificación e a implicación do profesorado coa docencia no Grao en Educación Social son as apropiadas para acadar os estándares esperados na titulación, permitindo lograr uns resultados satisfactorios, acordes cos obxectivos do Título. O 48,71% do profesorado acadou o grao de Doutor/a. Ademais, unha boa parte de docentes teñen formación en Educación Social (Diplomatura ou Grao) e/ou tamén teñen experiencia laboral como educadoras/es sociais en diferentes ámbitos da intervención. Todo isto da lugar a unha investigación e unha docencia enfocadas máis claramente cara a Educación Social.

É salientable, ademais, as melloras do cadre de persoal PDI en canto ao seu nivel de cualificación e resultados da avaliación da actividade investigadora: en ambos casos produciuse unha mellora significativa con respecto a cursos anteriores, en concreto, a porcentaxe de docentes que conta con *sexenios* de investigación aumentou respecto os tres últimos cursos, actualmente o 80% dos docentes ten algún sexenio de investigación, o que está moi por riba do indicador establecido.

Respecto do Persoal de Administración es Servizos (PAS) de apoio no Centro, a porcentaxe da súa participación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas é alto: no curso 2018-19 acadou o 68,59% do total, aínda que un pouco máis baixo que no curso anterior.

No centro cóntase ademais cun programa específico de *formación continua do profesorado* que, xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma habitual na Facultade, ofrecen oportunidades de actualización e de mellora da actividade docente. Por outra parte, existe coherencia entre a planificación e as competencias que se pretenden desenvolver e os sistemas de avaliación utilizados, así como nos agrupamentos do alumnado que permiten un desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, atendendo ás características das distintas materias.

Finalmente, cabe destacar tamén como satisfactorio o tamaño medio dos grupos de docencia (tamaño do Grupo A=61.714; tamaño do Grupo B=20,93).

**Puntos débiles detectados:** -

**Accións de mellora a implantar:** -

### 3.3.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Educación e Traballo Social conta con recursos materiais, infraestruturas e servizos adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa. Ademais, de forma continua véñense adaptando as necesidade tecnolóxicas (electrificación, ordenadores, wifi...) e as características e especificidades das distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...) así como as necesidades metodolóxicas e aos distintos agrupamentos do alumnado (Grupo A=62; Grupo B=20).

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percibense como satisfactorios por parte do alumnado, ao acadar unha puntuacións por riba do 3, así, amosan unha satisfacción global de 3.29/5 no bloque 5 de Recursos Materiais e servizos, que se detalla do seguinte

modo: unha satisfacción de 3.56 coa plataforma de teledocencia; unha puntuación de 3,11 para os espazos destinados ao traballo autónomo (ex., biblioteca) e o seu equipamento; un valor de 3,83 para as aulas e o seu equipamento; e un 3,13 para laboratorios e aulas de informática e o seu equipamento. Na mesma liña, sitúanse os datos referidos á satisfacción do alumnado coa titulación

Tamén hai que subliñar que se conta con unha ampla rede de institucións para a realización das prácticas curriculares (Prácticum I de 12 ECTS e Prácticum II de 18 ECTS), institucións coas que a Universidade establece os correspondentes convenios. Esas institucións están situadas nas catro provincias galegas, en especial nas de Pontevedra e Ourense (provincias de orixe da maioría do alumnado da titulación de Educación Social) e abarcan tódolos ámbitos de intervención da Educación Social, tanto os tradicionais como os emerxentes.

No curso 2020-21, foron numerosos os centros e institucións nas que as/os estudiantes realizaron as súas Prácticas externas curriculares, en total 57. Na maioría desas institucións (41) só fixo as prácticas un/unha alumno/a por institución; outras 11 institucións recibiron (cada unha delas) 2 estudiantes; outras 5 institucións recibiron (cada unha) 3 ou mais estudiantes.

Finalmente (como xa se indicou no criterio anterior) o tamaño medio dos grupos de docencia foi de 61,74 para os Grupos A, e de 20,93 para os Grupos B.

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: -

### 3.3.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En base as evidencias, os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES.

O alumnado valora como satisfactorios os resultados da aprendizaxe (bloque 6 da enquisa de satisfacción), dándolle unha valoración global de 3.44/5. Esta puntuación global concrétese nunha valoración de 3.22 o cumprimento das expectativas formativas, e nunha valoración de 3.67 da formación adquirida coa titulación.

Os indicadores de resultados son os seguintes: a taxa de éxito global é altamente satisfactoria (98%), oscilando as distintas materias entre o 78,79% e o 100%; Aninda que non se dispon de datos neste curso, debemos lembrar que tamen é habitualmente satisfactoria a duración media dos estudos e a nota media ao final da carreira, que no curso pasado foron de 4.85 anos e 7.66, respectivamente.

Diferentes factores poderían explicar as elevadas puntuacións indicadas (taxas e media final das persoas egresadas). Algunhas delas expóñense de seguido. Unha causa pode deberse á elevada valoración (por parte dos titulares externos) na materia de Prácticum I e II (con 30 ECTS dos 240 do Grao), o que condiciona de xeito decisivo a nota final acadada polos estudiantes nesta materia e a media do expediente. Outra posible causa da taxa de éxito podería deberse ao peso que a avaliación continua e os traballos teñen para a nota final das materias: deste xeito, resulta máis alcanzable obter unha

avaliación final positiva que cando a nota depende só (ou na súa gran mayoría) do exame final. Por termino medio a nota de exame supón entre un 40% e o 60% da nota final.

Hai que salientar que nos últimos anos, tras a implantación da acción de mellora dirixida a modificar o porceso de elaboración e avaliación do TFG, mellorouse significativamente a taxa de éxito nos últimos dous anos. Neste curso a tasa de éxito do TFG foi do 100% e a de rendemento do 74,26%, datos que avalan positivamente a acción de mellora.

<b>Puntos débiles detectados:</b> -	<b>Accións de mellora a implantar:</b> -
-------------------------------------	------------------------------------------

### 3.3.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Si temos en consideración o nivel de satisfacción do alumnado co programa formativo e os indicadores de rendemento do alumnado, podemos concluír que estes son moi axeitadas.

A puntuación total final das enquisas de avaliación docente do profesorado reflicten unha puntuación de 4.08/5. En consonancia co sinalado anteriormente, as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación reflicten unha puntuación lixeiramente máis baixa (3.25), aínda que aceptable.

Dado que os resultados específicos para cada dimensión xa foron analizados nos criterios anteriores, e estes son en xeral positivos, non faremos de novo referencia aos mesmos.

En canto ás taxas de rendemento en xeral, os resultados acadados son altamente satisfactorios, acadándose en todos os indicadores as metas de calidade establecidas, de xeito máis concreto, os datos acadados foron: taxa de abandono (14.29%); taxa de eficiencia (95%) e taxa de graduación (80,66%); taxa global de éxito de 98%; taxa global de rendemento do 93%, con valores por materias entre o 75,76% e o 100%, acadado en 5 materias.

En canto á evolución destes índices nos últimos anos, dicir que en xeral mantéñense ou melloran, es sitúasen por riba dos indicadores establecidos, polo deben ser interpretados de xeito favorable.

<b>Puntos débiles detectados:</b> -	<b>Accións de mellora a implantar:</b> -
-------------------------------------	------------------------------------------

### 3.4. Seguimento da titulación: Grao en Traballo Social

#### 3.4.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

##### Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

Non se evidenciaron incidencias no desenvolvemento do plan de estudos.

A evolución dos datos de matrícula de novo ingreso por prescripción (80) segue sendo moi favorable, continuando cunha tendencia á alza respecto aos cursos anteriores 2018/19 (77) e 2019/20 (79).

Os índices de ocupación e preferencia mantéñense por riba das metas de calidade, no do índice de ocupación supera as porcentaxes de anos anteriores situándose no 106,6%, continuando coa tendencia á alza de anos anteriores, 102,7% curso 2018/19 e 105,3% no curso 2019/20. O índice de preferencia sufriu un descenso situándose no 86,67%, polo cumple coa meta de calidade.

O indicador de adecuación (46,25%) baixa con respecto aos anos anteriores situándose nun 46,2%

Considérase esencial mellorar o coñecemento do Título entre a sociedade en xeral e entre os alumnos de secundaria, bacharelato e graos de ciclo superior en particular, pois moitos deles converteranse en universitarios unha vez finalicen os seus estudos no instituto e é importante que valoren e teñan entre as súas preferencias cursar o Grao en Traballo Social.

En calquera caso, aínda que a maioría de índices considéranse adecuados e moi positivos, pensando especificamente no indicador de adecuación e coa firme intención de seguir mellorándoo, vai deseñar unha estratexia de promoción en RRSS do Grao en Traballo Social, para mellorar o coñecemento que os futuros estudiantes teñen sobre o mesmo.

Con respecto aos indicadores referidos ás notas de acceso ao título de Traballo Social son claramente positivos. A nota media de acceso increméntase e sitúase por riba do 6-7 establecido como obxectivo alcanzando un 7,84. Sendo o perfil de ingreso maioritariamente desde o Bacharelato (55), e en menor media desde a FP (22) e só unha persoa é provénente doutro grado. A nota mínima de acceso tamén sobe significativamente situándose do 5,01 no curso anterior ao 6,86 no curso actual.

Os indicadores que miden o grao de satisfacción global do alumnado volveron a mellorar con respecto aos cursos anteriores. Os resultados do estudantado, obtivo 2,80 de puntuación media, sendo o único que baixou lixeiramente respecto ao anterior, se ben mellora significativamente respecto a curso 2018/19. A satisfacción tanto do profesorado como das persoas tituladas mellora con respecto os anos anteriores. O profesorado é de 4,05 e o das persoas tituladas alcanza un 4,67. Os tres indicadores alcanzan os obxectivos de calidade do centro.

Respecto co índice de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado mellora significativamente respecto aos cursos anteriores obténdose un 3,92 en comparación co 3, 68 e 3,75 obtidos nos cursos 2019/20 y 2018/19, respectivamente.

A satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino se sitúa en 2,80 baixando lixeiramente con respecto ao curso pasado, pero superando o alcanzado no curso 2018/19.

Con respecto ao profesorado, o grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino aumentou significativamente con respecto aos datos do curso 2018/19 (3,65) situándose no curso 2020/21

no 4,05 e alcanzando por tanto a meta de calidade do centro que é igual ou superior a 4. Este mesmo indicador na valoración por parte das persoas tituladas é de 3,00, aínda que baixa lixeiramente respecto aos cursos anteriores (3,1 y 3,6), mantense dentro dos obxectivos de calidade do centro que é maior o igual que 3.

Con respecto aos datos de mobilidade internacional de estudiantes no curso 20-21 foi de 9, descendendo con respecto aos 12 do curso anterior. O número de estudiantes estranxeiros matriculados no título tamén ha descendendo respecto a cursos pasado, situándose en 1 estudiante. Aínda que estes datos, son froito da redución da mobilidade dos estudiantes internacionais tras as restricións ás viaxes pola pandemia da COVID-19, que afectou sen dúbida á proxección internacional das universidades.

Nas Enquisas de Avaliación Docente os resultados amosan un alto grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (3,92 sobre 5), no bloque de planificación e desenvolvemento da ensinanza a valoración media é boa (3,85 e 3,95 sobre 5), alcanzándose a meta de calidade asociada. Tamén é de sinalar a valoración concedida polo alumnado á importancia das materias que conforman o plan de estudos para a súa formación (puntuación de 3,91 sobre 5), e aos resultados lle outorgan un 3,94, polo que se poden considerar uns resultados positivos.

Entre os puntos débiles, débese destacar a orientación académica recibida no plan de acción titorial (2,23). O resto de cuestión superan o aprobado: o calendario das probas de avaliación (2,75); a utilidade das prácticas da titulación (3,55); os horarios da titulación (2,69); a distribución e orde das materias no plan de estudios (3,06) e a coordinación entre as materias do plan de estudios (2,63).

Máis alá das evidencias dispoñibles recollidas, e tal e como se sinalou tamén no anterior informe, existen referentes externos que avalan a adecuación da mesmo aos estándares actuais e a coherencia coas propostas de outras Facultades que ofertan o título de Grao en Traballo social no Estado español. Entre estas accións pódense destacar:

A participación activa na Conferencia de Decanas/os de Directoras/es de Traballo social.

O convenio e a cooperación estreita co Colexio oficial de Traballo social de Galicia para a análise continua da situación profesional e a realización de actividades de maneira conxunta.

A continuada invitación a profesionais, entidades públicas, privadas e do terceiro sector do campo do traballo social.

Contactos informais con egresados/as que posibilitan analizar o axuste dos contidos do título coas necesidades detectadas na súa práctica profesional

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Indicador de adecuación Satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Deseñar unha estratexia de promoción en RRSS do Grao en Traballo Social, para mellorar o coñecemento que os futuros estudiantes teñen sobre o mesmo. Establecer uns espazos de coordinación das materias por cada curso do grao na plataforma virtual.

### 3.4.2. Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidad.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa disponible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos dos que dispón a Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social para comunicar a todos os grupos de interese as características dos programas formativos dos seus títulos, e en concreto na titulación de Grao en Traballo social, ten sido obxecto de mellora continuada nos últimos cursos académicos. A guía docente (ou programa) da materia está disponible e é accesible con facilidade.

Os resultados das enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública resultados das enquisas de satisfacción do alumnado (3,29/5) mostraron que a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...) (3,13); a información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...) (2,93); a utilidade da páxina web da titulación (3,63) e a facilidade para atopar contidos na páxina web (3,44) acadan resultados claramente satisfactorios.

O profesorado os resultados tamén foron moi satisfactorios, outorgándolle un 4,25/5 a información e transparencia nas enquisas de satisfacción.

As persoas tituladas parecen ter unha boa satisfacción da información e transparencia (3,81/5).

Estes bos resultados poden responder ao esforzo continuado que se ten feito desde a Facultade de Educación e Traballo Social para comunicar a todos os grupos de interese as características dos programas formativos dos seus títulos, e en concreto na titulación de Grao en Traballo social, e que durante como xa se comentou noutros informes realizou unha modificación integral do deseño e organización dos contidos da páxina web facéndoa máis accesible e atractiva, ademais de estar en permanente actualización de contidos/novidades sobre a actividade do título.

O Grao de Traballo social dispón dunha páxina en Facebook. Ademais, este ano o título tamén está presente en Instagram ao ser conscientes que esta rede social é na actualidade a más usadas polo alumnado. Ambas serven de difusión de comunicación immediata co conxunto do alumnado, egresados/as, profesionais e institucións colaboradoras, e que a través dela se ten reforzado a difusión de: bolsas e programas de formación para o alumnado, actividades extracurriculares e formativas, congresos e xornadas e outros contidos de interese relacionados co título.

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: -

### 3.4.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidad

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Os protocolos de calidad son xerais para todo o centro polo que a reflexión sobre este criterio vén sendo efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións.

Non obstante, o único dato específico dispoñible en relación á avaliación do alumnado coa satisfacción do sistema de garantía de calidad no caso do Grao de Traballo social acada un valor de 2,86/5. As canles de participación na mellora da titulación (caixa QSP -queixas, suxestións e parabéns-, participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.) é valorado con 2,86 mellorando a valoración de anos anteriores.

Así mesmo, o profesorado puntúa con 4,08/5 a información dispoñible en relación coa calidad. Novamente estes datos son froito dunha excelente labor das distintas comisións da Facultade e dunha cada vez maior presenza da Comisión de Garantía de Calidade nos procesos para a mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

No caso das persoas tituladas os resultados non son tan satisfactorios obtendo o sistema de garantía de calidade un 2,77/5.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.4.4. Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

A situación ao respecto do persoal non variou substancialmente no título ao respecto do ano anterior. Mantense na titulación un elevado número de persoal a tempo parcial (16 asociados) que acada un número moi similar ao do persoal a tempo completo. Segue a ser un aspecto a seguir mellorando a estabilización do persoal.

A participación do profesorado da titulación en plans de formación é praticamente o mesmo 10 profesores, o que supón un menos que no curso anterior.

Como xa se comentou anteriormente, a satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado mellorou significativamente respecto aos cursos anteriores obténdose un 3,92 en comparación co 3,68 e 3,75 obtidos nos cursos 2019/20 y 2018/19, respectivamente. Respecto a satisfacción do alumnado coa atención do persoal de administración e servizos do centro obtivo un 3,19, conformando un bos resultados. No caso da satisfacción do profesorado cos recursos humanos é de un 4,02, destacando a boa puntuación outorgada a atención do persoal de administración e servizos do centro (4,42/5). No caso das persoas tituladas os resultados sendo satisfactorios obtendo son lixeiramente máis baixos (3,43/5).

En relación coa de satisfacción do PAS do Centro os resultados das enquisas de satisfacción son plenamente satisfactorio en todos os bloques, obtendo unha puntuación xeral de 4,67/5. O único aspecto que afástase desta boa satisfacción é a satisfacción cos recursos humanos, obtendo un 2,83/5.

A media de alumnos por grupo de docencia reduciuse lixeiramente con respecto ao curso anterior nos grupos A de 62,48 a 60,57 e nos grupos B de 30,95 a 29,40. Os grupos C pasaron 11,87 a 12,48 , posiblemente pola ampliación dun grupo pequeno nas materias de primeiro (de 6 a 7).

A cualificación do PDI mellorou con respecto aos anos precedentes, así neste curso contamos cun total de 26 de 43 profesores doutores, en comparación cos 19 e 17 dos cursos anteriores. Estes 26 doutores supoñen un 60,5% do profesorado que imparte docencia na titulación e supera claramente os obxectivos da a meta de calidade que está establecida no 50% .

No que se refire aos resultados de investigación de carácter académico (Sexenios) a porcentaxe mantense praticamente nos mesmo datos en torno ao 50%, sendo este curso 2020/21 do 54,5% e supera tamén a meta de calidade que está establecida no 40% .

**Puntos débiles detectados:** -

**Accións de mellora a implantar:** -

#### 3.4.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Na Facultade cóntase con recursos materiais, infraestruturas e servizos suficientes e adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa, que de forma continua vanse adaptando ás necesidade tecnolóxicas (electrificación, ordenadores, wifi...) e as características e especificidades das distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...) así como as necesidades metodolóxicas e aos docentes.

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percíbense como satisfactorios por parte do alumnado (2,91/5) e entre o profesorado, détéctase unha moi alta satisfacción cos recursos materiais e servizos( 4,07), destacando a alta valoración dos espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento (4,27) e as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (4,14). Entre os egresados/as, a satisfacción cos servizos (secretaría de alumnado, biblioteca) é tamén ben valorada 3,33).

Como vén sendo unha tendencia constante, o prácticum ten sido unha das materias mellor valoradas e no caso das persoas tituladas, o grado de satisfacción coas prácticas académicas externas puntúase cun 3,94 (curso 2020/21) obtendo unha mellor valoración que no cursos pasado (3,47) . O título conta cun sistema de organización e supervisión de prácticas moi consolidado. O prácticum conta con convenios cunha gran variedade de institucións e centros colaboradores do ámbito público, privado e do terceiro sector que abrangue distintos ámbitos que permiten unha ampla escolla ao estudiantado para a realización das prácticas curriculares (servizos sociais comunitarios e especializados (infancia, maiores, xuventude...), saúde, penitenciarías, organizacións non gobernementais...).

No curso académico 2020/21 foron 62 estudiantes os que realizaron o prácticum, e distribuíronse en 50 centros/institucións, sempre priorizando a escolla de destino en base ao interese do campo de prácticas por parte do alumnado.

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: -
------------------------------	-----------------------------------

### 3.4.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A taxa de éxito global do título é do 94%, superando a meta de calidade do título.

As taxas de éxito por materia son positivas, xa que áinda que experimentan variacións que nalgún caso as sitúan por debaixo do conxunto da titulación, estas son puntuais, limitadas a un curso académico.

Non se evidencian incidencias relacionadas cos resultados de aprendizaxe.

A valoración da *formación adquirida* (coñecementos e contidos) é satisfactoria tanto para o alumnado (3,19/5) obtendo a formación adquirida e no cumprimento das expectativas formativas un 3,25 y un 3,13, respectivamente. Tanto no caso doe profesorado, como das persoas tituladas os resultados tamén foros satisfactorios, outorgándolle aos resultados de aprendizaxe un 3,98/5 e un 3,46/5, respectivamente.

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: -
------------------------------	-----------------------------------

### 3.4.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A evolución do alumnado de novo ingreso por prescripción (80) segue sendo moi favorable e incluso supera a dos cursos anteriores, continuando cunha tendencia á alza boas cifras 2018/19 (77) e 2019/20 (79). As taxas de ocupación (106,67%) e de preferencia (80,67%) ambas por encima do 80% marcado como meta de calidade.

A taxa de adecuación pola súa parte é do 46,25 % en tendencia descendente con respecto aos dous cursos anteriores e por baixo do 80% marcado como meta de calidade.

Con respecto as taxas de rendemento (91%), abandono (10,9%), eficiencia (91%), graduación (65%) e de éxito (94%) son moi satisfactorias, xa que en todos os casos alcánzanse as metas de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro.

Analizadas por materia, as taxas de éxito da maior parte das materias están entre o 90 e o 100%, establecido como meta de calidade do centro. Pola súa banda, a maior parte das materias tamén teñen

unha taxa de rendemento superior ao 80% establecido como meta de calidade do centro.

O único aspecto a destacar, en consonancia con informes anteriores é a taxa de rendemento do TFG (56%). Cabe subliñar que no caso de TFG ese valor non é representativo do conxunto, pois esta materia ten unha metodoloxía específica e particular que a fai diferente ao resto de materias. Esta peculiaridade deu lugar á posta en marcha dunha acción de mellora nos cursos anteriores para reflexionar sobre medidas para mellorar o proceso de elaboración e avaliación da materia de TFG, e que deu lugar a un cambio de normativa do TFG. Dentro dos Plans de mellora da calidade da Facultade de Educación e Traballo social, no curso 2021-22 púxose en marcha o programa denominado “Programa o TFG con alegría” programa que consta de seis actividades formativas, todas elas de carácter práctico.

A duración media dos estudos (4,75) sendo a mesma do curso anterior, entendemos que pode ser algo circunstancial e en todo caso relacionado coa baixa taxa de rendemento do TFG. Con todo, continúa moderadamente próxima aos catro cursos nos que se estrutura o título.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.5. Seguimento da titulación: Máster en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

#### 3.5.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

**Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:**

O plan de estudos estase a desenvolver de acordo coa descripción e compromisos recollidos na Memoria Verificada no 2009 e ás modificacións realizadas na renovación da acreditación do título no ano 2015. A formación que se ofrece permite ampliar e profundar nos coñecementos, estratexias e actitudes necesarias para un bo desenvolvemento profesional no ámbito educativo. Realízase unha progresiva e constante adaptación á lexislación vixente e a introdución de melloras, a partir das necesidades detectadas.

Debido a maior difusión do mestrado a través do correo electrónico e a participación en actividades de captación, o número de estudiantes matriculados de novo ingreso (25 estudiantes), no curso 2020/2021, incrementouse considerablemente respecto aos cursos 2019/2020 e 2018/2019 (16 estudiantes). Así pois, as accións de mellora implantadas a finais do curso 2019/2020 xeraron, tal e como se desexaba, un incremento da matrícula de novo ingreso. Neste caso, a taxa de ocupación é do 100%, fronte ao 64% nos dous cursos académicos previos. O perfil de procedencia dos estudiantes é variado (i.e., 2 Diplomados/Mást.; 21 de grao; 1 validacións estudios estranx., 1 graduado superior), o cal está en liña co histórico.

No que se refire á nota media de acceso, segue a cumplirse amplamente cos parámetros da meta establecida. A nota media dos/as estudiantes que acceden ao título é de 7.62, polo que se supera a meta establecida (6-7). Incluso a nota mínima de acceso (6.63) situase na marxe de 6 a 7 establecida para a nota media. Por conseguinte, pódese sinalar que o acceso ao mestrado continua sendo competitivo.

Con respecto ao grao de satisfacción xeral dos diferentes colectivos acádase, en tódolos casos, a meta de calidade asociada aos obxectivos do centro (estudiantado  $\geq 3$ ; profesorado  $\geq 4$ ; persoas tituladas  $\geq 3$ ). Neste caso, o colectivo do profesorado alcanza a puntuación máis alta deste bloque (4.46), seguido dos empregadores/as (4.33), os estudiantes egregados (3.53) e, por último, os estudiantes (3.10). Esta tendencia tamén se aprecia na satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino (2.83), onde se advirte que faltou só unha décima para acadar o obxectivo de calidade do centro. Igualmente, o nivel de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino é bo (4.27). Agora ben, no que atinxe ao colectivo de persoas tituladas produciuse, en comparación con cursos precedentes, unha mellora na puntuación lograda; así, no 2019/2020 obtívose 3.26 e no curso 2018/2019 conseguiuse 3.55, cifra que tamén se ve corroborada pola satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino, que foi de 3.27, fronte ao 2019/20 que foi de 2.86 e no 2018/2019 de 3.09. Un dato a destacar é a valoración positiva que ofrecen do título os empregadores, obtendo un 4.36. A teor destas cifras, podemos concluír que, en liñas xerais, os obxectivos establecidos con relación á satisfacción están cubertos, aínda que existe unha pequena eixa no tocante ao grao de satisfacción dos estudiantes, concretamente no que respecta á planificación. Con este fin, debemos identificar os puntos máis febles nos que se fundamenta esta puntuación a través dunha análise máis detallada da enquisa de satisfacción dos estudiantes. Neste bloque, os ítems peor valorados polos estudiantes foron “a utilidade das prácticas da titulación”, seguido da “coordinación entre materias do plan de estudos”, “a distribución e orde das materias no plan de estudos”, “a orientación académica recibida no plan de acción titorial”.

Cabe destacar que, no histórico de cursos previos, xa se detectara unha puntuación baixa no ítem referido ás prácticas. Este mestrado ten unha orientación investigadora e o plan de estudos non inclúe prácticas curriculares, polo que é preciso a adaptación da enquisa de satisfacción ás características do plan de estudos do título. No obstante considerouse que podería resultar de utilidade resaltar nas distintas materias a aplicabilidade da investigación á práctica educativa e incentivar a información proporcionada a través do PAT-ANEAE, pero a aparición e evolución da pandemia dificultou a posta en marcha das medidas adoptadas. En consecuencia, o vindeiro curso débese incrementar a atención e seguimiento nas accións de mellora, con especial concreción nestes puntos, dada a recorrenza desta puntuación. Asemade, os resultados en coordinación das materias e distribución das materiais no plan de estudos non alcanzan o 3. Pola contra, teñen unha valoración positiva os horarios da titulación (3.71) e o calendario das probas de avaliación (3.83), en ambos casos supérase amplamente a nota de corte.

Considerando o mentado, a organización e planificación do título mostra unha tendencia favorable no número de estudiantes de novo ingreso e na satisfacción xeral dos colectivos interesados, aínda que se debe modificar en futuras enquisas a inclusión do ítem que avalia as prácticas da titulación, perfilar e incidir na aplicabilidade dos contidos de investigación, na coordinación entre materias e no PAT-ANEAE, de cara a optimizar e visibilizar os esforzos realizados ao longo destes anos.

**Puntos débiles detectados:**

- Baixa puntuación do alumnado no ítem “a utilidade das prácticas da titulación”.
- A coordinación entre materias e organización das materias.
- A orientación académica recibida no PAT-ANEAE.

**Accións de mellora a implantar:**

- Continuar coa acción de mellora “**Perspectiva más práctica das materias**”: resaltar nas distintas materias a aplicabilidade da investigación á práctica educativa.
- Enviar un escrito a Área de Calidade solicitando a adaptación da enquisa de satisfacción dos estudiantes ás características do plan de estudos do título pois se inclúe un ítem no que os estudiantes deben valorar as prácticas, cando o título non as ten. O cal pode xerar confusión a hora de valorar esta cuestión
- **Mellorar a coordinación docente:** o/a coordinador/a das materias fomentará a coordinación entre docentes e subirá a Moovi o cronograma actualizado dos contidos de cada docente.
- **Reflexión sobre as actividades do PAT:** Deseñar polo menos unha acción formativa conjunta entre a coordinadora do título, e a coordinadora do PAT-ANEAE. Visibilizar na web do título as accións do PAT-ANEAE

### 3.5.2. Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidad.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudiantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese).

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2020-2021, os resultados obtidos no *bloque 2, información e transparencia* das enquisas de *satisfacción do alumnado*, son positivos, xa que se alcanza en todos os ítems o punto de corte 3. Máis concretamente, os ítems mellor valorados destacan a utilidade da páxina web (3.57), así como a facilidade para atopar na páxina web os contidos (3.86). Pola súa banda, os indicadores que aluden á información sobre as actividades extracurriculares e a información sobre a titulación transmitida por outros soportes (i.e., plataformas teledocencia, taboleiros, pantallas...) alcanzan ambos un 3, cifra que está en liña co histórico, apreciándose neste curso unha lixeira melloría con relación á información das actividades extracurriculares. Estes achados son coerentes coas respuestas da enquisa de *avaliación docente* (EAD), onde o profesorado se mostra satisfeito coa utilidade da información vertida sobre a titulación por outros soportes (i.e., plataformas, teledocencia, taboleiros, pantallas...) (4.00), ao igual que coa accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web (3.91) e coa utilidade da información sobre a titulación publicada na web (3.91). En razón destes datos, podemos establecer que as medidas de transparencia e información adoptadas no título son axeitadas, en tanto que resultan satisfactorias para os colectivos de interese.

No que respecta á taxa de participación, no curso 2020/2021, obsérvase un leve descenso; así, responden o 28% estudiantes, o 12% de estudiantes egresados e o 61.54% de profesorado. Por tanto, non se mantivo o aumento que se producira o curso 2019/2020, no que o 50% dos estudiantes contestan as preguntas e no caso dos egresados pasara ao 36%. En función destes datos, podemos establecer que se debe continuar coas medias destinadas a aumentar a participación nas enquisas de satisfacción, en especial no colectivo de egresados.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.5.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

De novo, neste curso 2020-2021 mantemos os obxectivos e metas de calidade do centro. Os protocolos de calidade son xerais para todo o centro, motivo polo cal realizaremos a reflexión sobre este criterio conxuntamente para todas as titulacións da Facultade. Unicamente dispoñemos dun indicador específico para valorar a satisfacción do alumnado co sistema de garantía de calidade, no cal se pregunta sobre *as canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...)*, obtendo 3.14 sobre 5. Por conseguinte, considerando o histórico de cursos precedentes, pódese concluír que as accións de mellora quedan reflexadas nas puntuacións obtidas, en tanto que este curso académico lógrase cumplir co obxectivo, en comparación cos cursos 2018/2019 e 2019/2020, nos que non se chegou ao punto de corte. Así pois, débense seguir implementando as accións de mellora activadas en cursos previos para manter esta tendencia.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.5.4. Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O persoal académico e de apoio é suficiente para garantir a consecución das competencias e obxectivos formativos e atender as necesidades dos estudiantes matriculados.

O 66.41% da docencia do título é impartida por profesorado da Universidade de Vigo. No curso 20/21 este cadre de persoal docente mantense estable canto ao número de profesionais. Todos os docentes da Universidade de Vigo que imparten neste título na actualidade están contratados a tempo completo e o 80% contan con vinculación permanente.

O 33.59% da docencia é impartida por especialistas nas dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos que proceden doutras como Santiago de Compostela, A Coruña, León, Oviedo, Complutense de Madrid, Minho e Évora. No curso

O *cadro docente* que imparte as materias do Mestrado presenta poucas variacións respecto ao curso anterior. No curso 2020/2021 participan 23 docentes. No tocante ao *perfil por categoría*, 5 titulares (1 máis que curso 2019/2020), 4 contratados doutores, 2 axudantes doutores, 12 docentes externos (3 menos que o curso anterior). No que respecta á cualificación do PDI do título, o 100 % dos/as docentes teñen o título de doutor, polo tanto acádase a meta de calidade do centro (Dr/a  $\geq 50\%$ ).

Asemade, despois da mellora progresiva dos últimos cursos no que se refire ao número de sexenios de investigación, no curso 2020/21, mantense estable, superando o 60%, igual que nos cursos anteriores. A adecuación do persoal académico do máster é avalada pola ampla experiencia docente recoñecida mediante a concesión de quinquenios docentes, polo desempeño profesional académico externo e os cargos desempeñados, teses dirixidas, índice de impacto das publicacións, recoñecementos ao labor docente e investigador. Unha consulta detallada deste méritos pode atoparse no seguinte enlace: <http://masteraprendizaje.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/>

No tocante á *formación continua do profesorado*, no curso 2021/2022 produciuse un leve descenso na participación de cursos de formación (no 2019/2020 foron 8), obtendo o mesmo número que o curso 2018/2019, no que foron 5 profesores os que se involucraron nalgúnha iniciativa de formación. Este dato debe ser tomado con cautela, en tanto que se rexistran os datos da plataforma Bubela, quedando fóra do reconto outras opcións formativas, ás que tende a recorrer o PDI, tal é o caso de seminarios, cursos e congresos específicos. Tampouco se recollen os datos dos docentes externos do mestrado. No centro cóntase ademais cun programa específico de formación continua que xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma habitual na Facultade supoñen unha oportunidades de actualización e de mellora da actividade docente. Así, vén sendo habitual que o profesorado da Universidade de Vigo que imparte docencia no mestrado, participe nestas actividades. Por conseguinte, non consideramos preocupante o descenso na puntuación alcanzada neste indicador. **No que respecta á participación no *programa de mobilidade e o programa DOCENTIA*, non dispoñemos de datos que avalen a participación nestas accións.**

A excelente cualificación do profesorado implicado neste máster ten o seu reflexo nos datos ofrecidos no informe de avaliación docente 2020/2021, no que a valoración global sobre a satisfacción co labor docente é de 4.16. Todos os items da enquisa superan o 4, sendo os items máis valorados a claridade expositiva da guía docente (4.30) e o cumprimento dos obxectivos de avaliación da guía docente (4.34).

Pasando agora á análise do Persoal de Administración e Servizos (PAS), a súa participación en programas de formación no 2020/2021 é do 68.59%, polo que é inferior que o curso anterior (2019/2020) que é do

80.46%, pero levemente superior a do 2018/2019 que é do 66,06%. Por tanto, áinda que non se acada a puntuación mínima sitúase próxima á meta ( $\geq 75\%$ ). A tal efecto, cómpre destacar que o ítem da enquisa de satisfacción do alumnado referido á “atención do persoal de administración e servizos do centro” informa da positiva adecuación do trato, ao obter un 3,5 sobre 5. Máis concretamente, o grao de satisfacción do profesorado coa atención que dispensan os PAS é un dos ítems mellor valorados (4.46); por contra, a satisfacción dos egresados é menor (3,5), dato que se debe tomar con cautela dado a baixa participación. Ao anterior debemos engadir que estes profesionais contan cunha ampla experiencia profesional, o cal nos leva a concluír que a baixada neste indicador non é relevante para optimizar a calidade do título.

O tamaño medio dos grupos de docencia, dado o aumento da matricula, é maior que nos cursos 2018/2019 e 2020/2021, situándose en 25.06% discentes no grupo A e en 12.53 no B. Ao respecto, cabe indicar que a ratio adecuase aos parámetros que garanten o adecuado manexo da aula para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.5.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudiantes, profesorado e PAS son suficientes para impartir o Título e axústanse ás necesidades e ao número dos estudiantes matriculados. A Facultade conta con recursos materiais e dixitais de última xeración, froito do esforzo dos últimos anos por mellorar. Nas Xuntas de Centro, Comisión de Calidade e Comisión Permanente, Comisión Académica do Máster revisanse de forma periódica as necesidades existentes e son tidas en conta anualmente nas accións de mellora. Consideramos que o título dispón de recursos materiais e servizos que permiten o desenvolvemento que require a actividade formativa. Así o corroboran os resultados nas enquisas de satisfacción tanto do alumnado como dos egresados, xa que todos os ítems do bloque recursos materiais e servizos superan os 3 puntos. Neste caso o ítem mellor valorado no caso do alumnado refírese ás aulas e o seu equipamento (3.43), seguido das plataformas de teledocencia (3.29), os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento) (3.14), por último os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (3.00). A valoración global dos recursos materiais e servizos por parte dos egresados é de 3,83. A percepción do profesorado sobre os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento tamén é boa (4,81).

Dado que este máster non inclúe prácticas no seu plan de estudos, no procede valoralas.

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: -
------------------------------	-----------------------------------

### 3.5.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe son satisfactorios e coherentes co perfil de egreso, fundamentalmente profesionais da docencia non universitaria con formación avanzada, especializada e multidisciplinar, orientada á intervención nas dificultades de aprendizaxe, e corresponden co nivel do MECES.

O Mestrado foi incluído, pola consellería de Educación, no catálogo de titulacións que habilita como especialista en Pedagoxía Terapéutica aos titulados en Educación Primaria, o que garante que as

competencias desenvolvidas polos/as egresados/as responden ao perfil buscado.

As actividades académicas realizadas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación do Título contribúen á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos na memoria, tal e como se recolle nas guías docentes das materias publicadas na plataforma Docnet. Así o demostra a enquisa de valoración docente do 2020/2021, que informa que a organización das clases facilita a aprendizaxe das materias (4.20), que os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios) facilitados son útiles (4.17), que os docentes proporcionan orientacións claras e axeitadas (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual) (4.23), e por último que as probas de avaliación e as actividades favorecen a aprendizaxe (4.21). En consecuencia, a valoración positiva que se fai das estratexias metodolóxicas empregadas no título confirma a adecuación do *modus operandi* para alcanzar os resultados de aprendizaxe. Sen perder o referente deste bos resultados, atopamos que na enquisa de satisfacción dos estudiantes, no bloque de resultados de aprendizaxe, a valoración en relación co cumprimento das súas expectativas formativas non acada por 9 décimas os 3 puntos, non así na apreciación que fan da formación adquirida, que si chega aos 3 puntos. Cabe indicar que o histórico permite constatar que se mantén a tendencia na valoración baixa no cumprimento das expectativas. Este dato contrasta con un dos ítems mellor valorados polos egresados “a adecuación das tarefas ao perfil profesional”.

No que se refire ao informe de cualificación por materia, pódese comprobar que, en xeral, os estudiantes obteñen boas cualificacións; sendo a matrícula de honra e o sobresaínte as cualificacións moi frecuentes e o aprobado meramente residual.

Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: -
------------------------------	-----------------------------------

### 3.5.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En xeral, os datos *dos indicadores das taxas de rendemento* informan que se supera amplamente o promedio de calidade establecido como referente no centro. Máis especificamente, a taxa de rendemento é do 90%, a taxa de abandono é 0, a taxa de eficiencia é 99%, a taxa de graduación e de 93.75%, e a taxa de éxito é do 100%. Se analizamos máis detalladamente estes indicadores, por materias, obtense que a taxa de éxito é do 100% en todas as materias do plan de estudos, salvo en “*utilización das TICs para a búsqueda, xestión e codificación da información*” que é do 96%, cifra que cumpre o criterio  $\geq 90\%$ . Pola súa banda, a taxa de rendemento en todas as materias obtén unha puntuación superior ao 90%, salvo no Traballo Fin de Mestrado (TFM), que acada un 65.52%. De forma similar, preséntanse as puntuacións na taxa de avaliación, onde todas as materias superan o 90%, excepto o TFM, que é do 65.52%. Esta tendencia móstrase coherente co acontecido no histórico, apreciándose un leve descenso da puntuación. En razón co exposto, pódese advertir que a materia de TFM continúa sendo a única que presenta dificultades, o cal está en liña coas características específicas da materia, en tanto que esixe unha maior capacidade de traballo autónomo dos/as estudantes, ao que temos que engadir que o perfil de estudantes deste título acostuma compaxinar a formación específica do mestrado con labores de preparación de oposicións, ou ben co exercicio profesional.

No que fai referencia a taxas de emprego, avalan as boas taxas de rendemento; en concreto, o 58.3% traballa na actualidade, o 8.3% non traballa na actualidade, o 16.7% non traballa desde a realización do máster, pero están a buscar emprego, o 6.7% non traballa e non busca emprego. O tempo promedio (en meses dende que finalizou o máster ata que atopou o primeiro emprego) é de 10.43.

En liñas, xerais a valoración dos resultados nesta epígrafe é positiva, coa salvedade de que se precisa establecer medidas que aumenten a taxa de presentados do TFM.

<b>Puntos débiles detectados:</b> -Taxa baixa de presentación dos TFM.	<b>Accións de mellora.</b> -Medidas que faciliten a elaboración do TFM: -Deseñar e introducir, ademáis das medidas existentes (i.e., curso da biblioteca sobre o manexo das bases de datos e a elaboración de referencias bibliográficas) actividades formativas nas materias específicas do mestrado que abordan deseños de investigación e análise de datos, que faciliten a elaboración do TFM.
---------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### 3.6. Seguimento da titulación: Máster en Diversidade

#### 3.6.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

#### Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

Con relación ao indicador, *matrícula de novo ingreso por prescripción*, os datos indican que se produciu unha subida no número de estudiantes; concretamente, supérase en 13 puntos o curso 2019/2020 e en 3 o curso 2018/2019. Os 32 estudiantes matriculados no curso 2021/2022, *tal e como informa o indicador E3, I2*, proceden todos/as eles/as de títulos de grao, en contraste con cursos previos onde as titulacións de procedencia eran diversas. Segundo o indicador I02-AC, a ocupación do máster é do 100%. Tomando como referencia estas cifras, podemos establecer que a matrícula do mestrado ten unha tendencia moi positiva. No que respecta á *nota media de acceso*, os resultados informan de 7.98 puntos, o que non permite concluír que se supera ampliamete a meta de calidade esixida no centro (i.e., 6-7 puntos), ao igual que en cursos académicos precedentes; no curso 2019/2020 obtívose 7.32883 e no 2018/2019 entraron con 6.789. A teor destes datos podemos considerar que segue a ser un mestrado competitivo para os/a estudiantes.

No tocante ao *índice de satisfacción xeral dos distintos colectivos* apréciase que as puntuacións obtidas se axustan aos parámetros establecidos polo centro; así, a media do grao de satisfacción dos estudiantes está en 4.03, a do profesorado en 4.51, e a das persoas tituladas en 3.11. De forma adicional, as puntuacións obtidas sobre o *grao de satisfacción dos distintos colectivos acerca da organización e do desenvolvemento do ensino*, superan o valor establecido de calidade do centro, ao igual que viña acontecendo en cursos académicos anteriores. No *grao de satisfacción dos estudiantes* acadouse 3.98, cifra que supera a do curso 2019/2020 (3.72), e a do curso 2018/2019 (2.70). Igualmente sucede coa media de satisfacción das persoas tituladas que é de 4 puntos, superando ao curso 2019/2020 que é de 3.14 e o curso 2018/2019 que é 3.65. Pola súa banda, a media da satisfacción do profesorado, aínda que non supera a de cursos precedentes, sitúase en 4.49, isto é, medio punto por encima da nota de corte da medida de calidade do centro ( $\geq 4.5$ ). Atendendo a este datos, podemos afirmar que tanto o curso 2020/2021, como os anteriores, cumpre co obxectivo de acadar a satisfacción dos distintos colectivos, dado que as puntuacións están dentro dos parámetros do punto de referencia de calidade no centro. Agora ben, cabe precisar que a nota media do histórico sobre o *grao de satisfacción das persoas tituladas* indica que, se ben existe estabilidade á hora de acadar a puntuación mínima, non se logrou mellorar a opinión deste colectivo. De aí que vaimos aos datos desagregados en busca de información que xustifique esta tendencia e nos permita detectar os principais puntos fracos, que debemos potenciar para lograr invertir estas puntuacións. Especificamente, os estudiantes titulados puntuaron peor os seguintes indicadores, a saber: orientación profesional e laboral recibida (2.33); orientación académica recibida (2.65) actualización dos contidos do PE (2.67) e, por último a atención do PAS (2.33).

No que se refire ao grao de participación das enquisas, no curso 2020/2021, involucráronse no proceso o 50% dos estudiantes, o 61.5% do profesorado e o 13% do estudiantes titulados; por tanto, descendeu a participação dos estudiantes con respecto ao curso 2019/2020 que foi de 84%, pero dobrou a do curso 2018/2019 que estivo en 27.59%. Igualmente, sucedeu coa participación dos estudiantes titulados. En consecuencia, obsérvase que a participación se mantivo, sendo moderada, polo que convén seguir incentivando a participación nas enquisas para evitar a tendencia á baixa.

Por outra banda, os datos da avaliación docente apoian a valoración global do profesorado, obtendo unha puntuación moi positiva (4.26). En concreto, na valoración global da materia acádase unha media moi alta (4.38), igual que no apartado planificación global (4.22), desenvolvemento global (4.34), resultados globais (4.33). Máis concretamente, os estudantes entenden que a guía docente expón, de xeito claro e comprensible, como se desenvolve a materia (4.52), asemade puntúan positivamente a coordinación entre profesorado (4.36) e a proporción de volume de traballo na materia (4.25). No tocante á organización das clases e dos recursos didácticos facilitados tamén se acada unha boa puntuación (4, 31 e 434, respectivamente). Igualmente, os estudantes móstranse satisfeitos coas metodoloxías empregadas nas clases (4.34) e coas orientacións e claridade exposta na resolución de dúbidas (4.37). Con relación as probas de avaliación, o estudiantado indica positivamente que favorece a súa aprendizaxe (4.42), ademáis apuntan a que cumplen os criterios de avaliación establecidos na guía docente (4.50). En xeral, as puntuacións informan que os estudantes están moi satisfeitos coa labor docente desempeñada (4.38).

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<p>Producuse unha leve diminución na participación da avaliación dos títulos, ainda que non é preocupante, debemos permanecer vixiantes.</p>	<p>Priorizar no PAT-ANEAE as accións de formación específica dirixidas a súa orientación laboral e académica.</p> <p>Incluír na WEB e na MOOVI información sobre saída profesionais.</p> <p>Os/as titores/as abordarán os intereses profesionais dos estudiantes e informalos das xornadas específicas, que se levan a cabo no PAT-ANEAE.</p> <p>Optimización da sistematización/organización das materias para mellorar o grao de satisfacción do estudantes titulados, incluíndo de forma transversal orientacións e aplicacións dos contidos ao ámbito laboral. Sobre esta cuestión cabe indicar que unha das fortalezas indicadas no Informe Anual (MC-05 Satisfacción de usuarios e usuarias) indica que os estudantes están moi satisfeitos co profesorado que exerce profesionalmente co colectivo a estudar e lle contan experiencias. Neste senso valoran os debates que se activan nas aulas, ao permitirlle poñerse en contacto directamente co mundo laboral.</p>

### 3.6.2. Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: ANEXO II

Os mecanismos que emprega o mestrado para transmitir e comunicar a información son axeitados, en tanto que todos os ítems do bloque de información e transparencia acadan unha valoración altamente positiva, ao superar ampliamente a nota de corte (3). Unicamente o ítem que fai referencia á información que se transmite sobre as actividades extracurriculares (i.e., culturais deportivas) non chega a superar o 4, aínda que está 0.40 por encima do mínimo (3.40). Estudado o histórico deste ítem, pódese verificar que, nos tres últimos cursos académicos, prodúcese unha lixeira melloría, 3.33 no curso 2019/2020 e no curso 2018/2019 non supera os 3 puntos. Agora ben, a opinión dos estudiantes sobre a utilidade da páxina web da titulación foi moi positiva (4.38), ao igual que a facilidade para atopar contidos na web (4.31), así como a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (i.e., plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)(4.13). A teor destes resultados, podemos establecer que, considerando a enquisa de satisfacción dos estudiantes do curso 2020-2021, a información e transparencia do mestrado resulta adecuada e boa.

#### Puntos débiles detectados:

- Aínda que non é preocupante, débese seguir mellorando a puntuación no ítem que fai referencia á información relativa ás actividades extraescolares.

#### Accións de mellora a implantar:

- Incorporar un enlace na web do título ao campus activo da Uvigo (campusactivo.uvigo.gal), xa que é un dos principais portais das actividades de cultura, deporte e lecer, así como de saíde e benestar, que promociona a UVigo nos tres campus.

### 3.6.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Atopamos que neste título o grao de satisfacción é alto tanto entre o profesorado como entre os estudiantes, áñada que descende nos estudiantes egresados, como xa comentamos. No referente ao bloque de sistema de garantía de calidade da enquisa de satisfacción do alumnado 2020-2021, concretamente no ítem 11, que pregunta sobre as vías nas que os estudiantes poden participar na mellora da titulación: caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisión, comunicación cos responsables académicos, encontramos que os 16 estudiantes, que respondieron, indican que están contentos (4.00). Ao realizar unha comparativa co histórico, apréciase unha lixeira mellora na opinión, que en cursos precedentes era de 3 (2018/2019) e 3.67 (2019/2020).

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.6.4. Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 20/21, o número de profesorado que impartiù docencia descendeu, dado que no cadro de persoal docente, a diferenza do curso 19/20, non está presente o persoal investigador e o contratado predoutoral. Así mesmo, descendeu un profesor na categoría de profesorado non aplicable. No que respecta á categoría do profesorado, en comparación co curso 19/20, dáse unha diminución da figura de axudante doutor en aras do aumento da de contratado doutor, que cambian respectivamente en dous puntos. A distribución da frecuencia do profesorado por categorías é a que segue: Titular (11), Asociados (7), Contratado Doutor (5), Non aplicable (5), Axudante Doutor (2) e Catedrático (1). No que se refiere ao recoñecemento á producción investigadora, o 76,47% conta con sexenio de investigación vivo, polo que se cumple co parámetro de calidade establecido no centro ( $\geq 40$ ), superándose as cifras alcanzadas no 2018/2019 que foi de 73.33% e do curso 2019/2020, que foi lixeiramente superior.

No tocante á formación continua do profesorado débese significar a continuidade e constancia na participación en cursos de formación permanente, sendo 14 os que participan, ao igual que acontecerá no curso 2019/2020. Asemade, 1 profesor participa en programas de mobilidade, a

diferenza do curso anterior no que non hai ningún profesor. Estes datos son apoiados polo Informe Anual (MC-05 Satisfacción de usuarios e usuarias) sobre a percepción dos estudiantes sobre as materias impartidas no mestrado, onde se conclúe que os estudiantes recoñecen a profesionalidade do profesorado, especialmente daqueles que exercen profesionalmente co colectivo a estudar e lle contan experiencias. Neste senso, valoran os debates que se activan nas aulas, ao permitirlle poñerse en contacto directamente co mundo laboral. Tampouco participaron no programa DOCENTIA.

Non obstante, na formación no colectivo de PAS prodúcese unha lixeira baixada, 68.59%, que os sitúa nunha puntuación, que se ben é próxima coa meta establecida, non acada a nota de corte ( $\geq 75\%$ ). Ao estudar o histórico obsérvase que no curso 2018/19 tampouco se acadou a meta (66.06%), pero o resto si, chegando incluso a acadar puntuacións moi altas 80.46%, no curso 2019/2020. No que respecta á satisfacción dos estudiantes titulados coa atención do persoal de administración e servizos do centro é identificado como un dos ítems peor valorados (2.33). De forma totalmente contraria, sucedeu na valoración que fan os estudiantes que manifestan unha opinión moi positiva con relación a atención que lles dispensa o PAS (4.44). Esta disparidade na resposta, lévanos a ser cauteloso coa opinión dos estudiantes titulados, xa que só participaron o 13%, fronte aos estudiantes, que foron o 50%, por tanto a información deste últimos tende a ser máis representativa.

Ao anterior, é preciso engadir que o profesorado participa regularmente en congresos especializados, dato que non aparece recollido nas táboas do portal de transparencia da UVigo, pero que están documentados na SUXI da Uvigo. Cabe significar que alo menos 2 docentes do máster participan num proxecto europeo *Worldplaces-Workplace Working with Migrant Woman*, que facilitou a incorporación dunha estudiante procedente de India, o cal supón un impulso importante cara á internacionalización do mestrado. En suma, os docentes deste mestrado, en xeral, son moi activos.

Canto á media de alumnos/as por grupo, só se aplican grupos A, cunha media de 23, ratio que resulta adecuada para fomentar a aprendizaxe.

De todo o anterior considérase que a adecuación do persoal académico do máster ten como aval a actualización da súa formación, así como a súa experiencia docente recoñecida mediante a concesión de quinquenios docentes.

**Puntos débiles detectados:**

Descenso do PAS que participan en programas de formación.

Baixa valoración da atención do PAS na enquisa de satisfacción do alumnado titulado.

**Accións de mellora a implantar:**

Non parece necesario implantar accións de mellor específicas ao PAS, xa que se produciu unha ligeira merma na participación de cursos de actualización, en tanto que contan con experiencia e boa cualificación. No que respecta á satisfacción co trato aos estudiantes titulados tampouco é un dato preocupante, dado a opinión contraria e maioritaria vertida polos estudiantes.

### 3.6.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son o axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son o axeitados ás necesidades do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos/as estudiantes, profesorado e PAS son suficientes e adecuados para impartir o Título e se axustan ás necesidades e ao número dos estudiantes matriculados.

En xeral, a opinión dos estudiantes (ver enquisa de satisfacción estudiantes 2020/2021) indica satisfacción en tanto que se obtén 3.69 na valoración que fan das aulas e do equipamento, un 3.92 sobre os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento, un 3.88 sobre os espazos para o traballo autónomo (i.e., biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento), e un 4.25 nas plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia. En consecuencia, pódese concluír, dado que en todos os ítem se supera o punto de corte 3, que os estudiantes están satisfeitos cos recursos materiais e servizos que lle ofrece o título.

No referente á opinión do profesorado, cabe destacar que teñen unha opinión moi positiva sobre as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (4,72).

Estos datos son apoiados polo Informe Anual (MC-05 Satisfacción de usuarios e usuarias) sobre a percepción dos estudiantes sobre as materias impartidas no mestrado, onde se aprecia que unha das fortalezas más destacadas do título son os recursos.

No caso do colectivo das persoas tituladas, os resultados son aínda mellores, pois superan o 3,5 nos catro ítems do bloque, destacando especialmente o relativo aos servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...), así como o referido aos recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...), ítems que se aproximan ao catro.

A distribución do alumnado polos centros de destino das prácticas curriculares está moi repartida, salvo nos centros educativos á que acoden un maior número de estudiantes.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.6.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A taxa de éxito, como en todo o histórico, continúa sendo do 100% en tódalas materias. As taxas de rendemento e avaliación descenden en tres materias nas que existen non presentados, a saber: medidas de atención a diversidade para alumnas/alumnos con necesidades educativas; prácticum e traballo fin de máster. Na materia de TFM defendéronse positivamente 29 traballos, e 6 non se presentaron, fronte ao curso 2019/2020 no que superan 20 traballos e non se presentan 8, polo tanto produciuse unha lixeira melloría con relación á taxa de avaliación que no curso 2020/2021 é de 82.86%, fronte ao 75% do curso anterior. Como xa comentamos outros anos, o maior número de non presentados no TFM, en comparación co resto de materias, pode deberse ás propias características desta materia, que esixe un traballo máis autónomo por parte do alumnado e unha dedicación total fóra do horario lectivo, que resulta ás veces difícil de compaxinar coas outras actividades que realizan os nosos alumnos e alumnas de forma simultánea ao máster, xa sexa a preparación de oposiciones ou obrigas de tipo laboral.

No que se refire á satisfacción dos estudiantes, atendendo ao informe de satisfacción, no curso 2020/2021, advírtese que están contentos cos resultados acadados da aprendizaxe; así, obtense un 4.06 na valoración do cumplimiento das súas expectativas formativas e un 4.19 con relación á formación adquirida.

Estes datos tamén son avalados polo Informe Anual (MC-05 Satisfacción de usuarios e usuarias) sobre a percepción dos estudiantes sobre as materias impartidas no mestrado, onde se conclúe que os contidos tratados son valorados moi positivamente. Das fortalezas destacan as clases prácticas e as clases dinámicas.

#### Puntos débiles detectados:

- Apréciase unha melloría na porcentaxe de defensas de TFM, aínda que se conta cunha bolsa de estudiantes do curso anterior.

#### Accións de mellora a implantar:

-As accións de mellora formuladas previamente foron dando resultado neste curso e o anterior, polo que se ha de seguir traballando na mesma liña para seguir con esta tendencia.

### 3.6.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar:** 6s resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A evolución dos *indicadores de resultados é positiva*, en tanto que se obteñen puntuacións que superan a meta de calidade; en concreto, a *taxa de éxito* é do 100%, a de *rendemento* é de 96%, a de *eficiencia* é do 98%, e de *graduación* é de 78.95%. Se ben estes indicadores superan as cifras obtidas o curso anterior 2019/2020; a taxa de abandono empeorou ao situarse en 17.2%, superando a meta mínima establecida ( $\leq 5\%$ ). En calquera caso é importante mencionar que as baixas que se produciron ao longo do curso están todas elas relacionadas co feito de que tres alumnas atoparon traballo ao longo do curso o que lles impidiu facer compatible a formación coas novas esixencias laborais asumidas.

Atendendo a estas achegas podemos considerar que os indicadores de resultados son satisfactorios, salvo pola taxa de abandono, que necesariamente debe reducirse.

Con relación á inserción laboral do estudiantado, os datos poñen de manifesto que arredor do 78.9% traballa na actualidade e o 10.5% non está en activo, aínda que traballaron nalgunha ocasión dende o remate do mestrado. A teor destas cifras podemos sinalar que a porcentaxe de estudiantes egresados que traballa é significativamente boa.

En liñas xerais, na enquisa de estudiantes co título, na sección de valoración xeral, o 100% informa que están satisfeitos coa titulación.

Ademais, cómpre destacar o alto grao de satisfacción dos empregadores, que continúa a ser tan elevado como o do curso anterior (4,67), aínda que o nivel de participación deste colectivo mantense en niveis baixos.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.7. Seguimento da titulación: Máster en Profesorado

#### 3.7.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

##### Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

A ocupación do máster cumple amplamente coa meta de calidade do centro ( $\geq 80$ ), en tanto que se alcanza o 95.83%. O percorrido histórico permítenos constatar a presenza continuada dunha alta ocupación, xa que nos tres últimos cursos académicos se supera o 90%; de forma máis concreta, a porcentaxe deste curso é lixeiramente superior que a do 2018/2019, na que se obtivo o 94.44%, pero un pouco por debaixo do curso 2019/2020, que está en 98.61%. Esta flutuación non é preocupante, dado que non se produce unha liña descendente continua, ao superarse os 68 matriculados do curso 2018/2019. Con relación á *nota mínima de acceso*, que é de 7.36, non só se cumple o criterio de calidade establecido no centro, senón que se chega a superar en 0.36 puntos. O perfil da titulación de acceso do máster é diverso, dado que nos atopamos cun título que habilita para o ensino secundario a diversas ramas de coñecemento; neste caso, o más abundante son estudiantes de grao (45) e licenciados (16), e o menos frecuentes son arquitecto (1), enxeñeiro (2), diplomado/mást. (1), validación extr. (3). A distribución do curso 2020/2021 é moi similar ao anterior, salvo pequenas mudas, que pasamos a concretar, hai un 1 diplomado/mást. (1 vs.0), menos enxeñeiros técnicos (1 vs.5), enxeñeiro (2 vs.6) e arquitecto (1 vs.2) e ningún graduado superior (0 vs.4), pero máis graduados (45 vs 43), licenciado (16 vs.10) e valid.estu.extr. (3 vs.1). A teor do indicado, podemos establecer que nos atopamos ante un máster que ten demanda e resulta competitivo.

Os resultados do *grado de satisfacción dos colectivos implicados*, en xeral, informan de puntuacións positivas, cumplindo en todos os colectivos de interese e itinerarios cos parámetros de calidade, salvo en *Xeografía e Historia*, no que o nivel de satisfacción dos estudiantes está próxima a alcanzar a meta (2.90). As puntuacións más altas na *satisfacción dos estudiantes* atópanse na rama de CC.Exper (3.67), seguida de Humanidades (3.56) e Orientación Educativa (3.56). No grupo de estudiantes egresados, a especialidade que obtén unha valoración más elevada é a de Orientación Educativa (4.48), seguida de Xeografía e Historia (3.51), CC. Exper (3.41) e, por último, Humanidades (3.17), superando en todos os casos os tres puntos. No que respecta ao grupo do profesorado, todas as liñas do máster superan o 4, salvo o de Xeografía e Historia que obtén un 3.53. De forma máis detallada, os itinerarios de *CCEXPER*, de *Orientación e de Especialidade de Ciencias Sociais. Humanidades*, obtén unha valoración positiva en todos os bloques da enquisa. Esta valoración favorable aparece apoiada nas *enquisas de avaliação docente (EAD)*, onde puntuación promedio das catro especialidades superan, en todas as seccións da enquisa, a media de calidade establecida (i.e., valoración global da materia, planificación global, desenvolvemento global, resultados global, valoración global do profesorado).

Sobre o grado de *satisfacción dos estudiantes*, o más destacado é o leve descenso que se produciu no itinerario de Xeogr.His., en comparación con cursos previos (no 2019/2020 ten un 3.12 e no 2018/2019 obtén 3.17). Tras consultar as puntuacións más desgregadas da *enquisa de satisfacción dos estudiantes*, observamos que os bloques mellor valorados son os de organización e desenvolvemento (3.15), así como os de recursos humanos (3.29) e recursos materiais e servizos (3.13), fronte aos de información e transparencia (2.92) e sistema de calidade (2.50) que se sitúan próximos a acadar a nota promedio e no bloque de resultados de aprendizaxe que non chega o 2. Concretamente, *no bloque de organización e desenvolvemento*, todos os indicadores alcanzan o promedio 3, excepto o ítem

orientación académica recibida no plan da acción titorial (2), e a coordinación entre materias (2.14). Pola contra, neste itinerario, as *enquisas de avaliação docente* (EAD) do curso 2020/2021 presentan resultados favorables en tódalas súas seccións, en concreto, na valoración global da materia (4.10), na planificación global (3.75), no desenvolvemento global (3.88), e nos resultados globais (3.58), obtendo unha valoración global do profesorado do título de 3.74. Especificamente, o ítem que fai referencia a adecuación da coordinación entre o profesorado de materia obtén un 4.05. Atendendo a ambos informes, considérase que o indicador ao que se debe prestar unha maior atención é o de transparencia e o de sistema de calidad, mentres que non resulta tan preocupante o que fai referencia aos resultados de aprendizaxe e de coordinación, xa que na EAD os datos vertidos mostran a satisfacción dos discentes. Tamén se advirte a necesidade de facer máis visible o PAT-ANEAE e idear accións conxuntas, co obxecto de mellorar os resultados.

No que se refire *ao grao de participación nas enquisas*, o grupo de alumnado tivo unha participación aceptable, entre o 20% e 44.44%, sendo a especialidade de orientación educativa na que participaron máis e na de Ciencias Sociais e humanas na que colaboraron menos. Pola súa parte, o profesorado tivo unha participación máis alta situándose entre o 50% e 78.57%, sendo a rama de Ciencias Sociais, Humanidades a más activa, fronte a de Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía. Cabe significar que o grupo de egresados/as mantivo unha participación menor, entre 9-20%, sendo a de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia na que máis respondieron ás enquisas e a de Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía a que menos.

Non se dispónen de datos sobre o número de discentes que participan en programas de mobilidade internacionais. A tal efecto, podemos advertir que nos atopamos ante un título que ten como propósito a capacitación para a docencia no ensino secundario e, en consecuencia, a maioría dos matriculados compatibilizan a preparación do concurso a oposición coa docencia do máster, de aí que a mobilidade non teña demanda. Ademais, este máster goza dun carácter moi contextual, tanto con relación á comunidade autónoma na que se levan a cabo as prácticas externas, como ao país.

De todo o indicado pódese establecer que, en xeral, o título cumple cos obxectivos de satisfacción, en concreto coa planificación e desenvolvemento do ensino, en tanto que supera en todos os casos a meta de calidad, coa única excepción do itinerario de Xeograf. e Historia, onde se aprecia que se debe incidir en transparencia e calidad. Tal e como se advertira no informe do 2019/2020, o título está avanzando na mellora da satisfacción das distintas modalidades que oferta.

**Puntos débiles detectados:**

Cabe destacar que no histórico se aprecia unha melloría na satisfacción dos estudiantes nos itinerarios, aínda que no curso 2019/2020 advírtense unha pequena eiva no itinerario de Xeografía e Historia, onde non se alcanza por unhas décimas a nota media de calidad establecida polo Centro, identificando como necesidade de mellora a orientación académica recibida no PAT-ANEAE. Agora ben debemos significar que nesta especialidade os resultados obtidos nas enquisas de avaliação docentes (EAD) son positivos.

**Accións de mellora a implantar:**

-Incentivar accións conxuntas entre os titores do máster e a coordinación do PAT-ANEAE, co propósito de evidenciar e de facer visible as accións de orientación levadas a cabo no máster.

-Reflexionar no bloque de organización e planificación, en especial no ítem que fai referencia á coordinación docente, dado que non se alcanza a meta establecida e ademais se encontraron resultados contrapostos entre as enquisas de satisfacción dos estudiantes e as de avaliação docente.

### 3.7.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa disponible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Cabe sinalar que a información relevante sobre o título é pública e atópase disponible principalmente na web do Máster e do Centro, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Os resultados sobre a información e transparencia, no colectivo do estudiantado, son en xeral positivos, áinda que se aprecia que en 2 ramas existen pequenas eivas, na rama de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia e Ciencias Sociais e Humanidades. Máis concretamente, na especialidade de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, os ítems mellor valorados foron a utilidade da páxina web da titulación (3.43) e a facilidade para atopar contidos na páxina web (3.29), mentres que os peor valorados foron os referidos á “utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes” (2.75) e “a información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas)” (2.00). Na especialidade de Ciencias Sociais e Humanidades todos os ítems alcanzan 3 (i.e., a facilidade para atopar contidos na páxina web, 3.40; a utilidade da páxina web da titulación, 3.40; a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes, 3.40), salvo o que fai referencia á información sobre as actividades extracurriculares, que obtén un 2.60. Pola contra, alcanzan a meta en todos os descritores deste bloque as restantes especialidades.

Polo que respecta á enquisa de satisfacción do profesorado, os resultados confirman que este colectivo está satisfeito co grao de información e transparencia do título, en tanto que as cifras acadadas alcanzan ou superan a media de calidade do centro.

Considerando o anterior, pódese establecer que a valoración da transparencia do título, en xeral, é acceptable e útil, áinda que nas especialidades de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia e de Humanidades se atopa unha eiva na achega e presentación das diversas e abundantes actividades que se realizan no campus de Ourense e na cidade. Tamén se debe facer más visible para os estudantes da rama de Ciencias Sociais a información transmitida por outros soportes diferentes á propia web.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Escasa información sobre actividades extraescolares, eiva atopada en dúas ramas: a de Ciencias Sociais e Xeografía, e a de Humanidades.	Mellorar o acceso ao CAMPUS ACTIVO na WEB, isto é, facelo máis accesible. Facer unha acción específica no PAT-ANEAE sobre a oferta cultural, no campus e na cidade, proporcionando información sobre as fontes onde se poden informar.  Achegar ao MOOVI o acceso a redes de información alternativas a WEB do título, no 1º cuadrimestre para que se familiaricen con elas, necesidade detectada únicamente no itinerario de Ciencias Sociais e Xeografía e Historia.

### 3.7.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidad

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O centro conta coa certificación de calidade desde o curso 2016/17 e está immerso nunha mellora continua. A isto debemos engadir que, como centro certificado e ao estar ademais verificado positivamente no 100% dos seus títulos, pode optar á Certificación Institucional, que efectivamente lle foi concedida.

No curso 2020/2021, a valoración global da enquisa de satisfacción do título é positiva; de facto, apréciase unha notable melloría na percepción dos estudiantes na vía de participación da mellora do título. Neste senso, pódese apreciar que tan só na especialidade de *Ciencias Sociais, Xeografía e Historia* lle faltan unhas décimas para lograr a meta (2.50); en contraposición, o resto de ramas acadan ou mesmo chegan a superar o punto de corte. En consecuencia, pódese confirmar a idoneidade e adecuación das medidas de mellora implantadas no curso anterior, en tanto que se conseguiron reverter as baixas puntuacións, que se viñan mantendo no histórico. Cabe indicar que é preciso seguir traballando nesta liña, en especial na rama de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

#### Puntos débiles detectados:

Advírtese unha mellora significativa na satisfacción dos estudiantes con relación ao sistema de participación na mellora do título, aínda que se aprecia que se debe seguir traballando para manter estas puntuacións, e no título de *Ciencias Sociais e Xeografía* requírese unha actuación máis intensiva, para mellorar a puntuación.

#### Accións de mellora a implantar:

Non se requieren accións de mellora, aínda que se recomenda continuar coa medida aplicada o curso 2019/2020, que consistía en facer más visible as vías para participar na mellora das titulacións, como a caixa de QSP, co fin de aumentar a participación dos/as estudiantes, así como a dos titulados/as.

### 3.7.4. Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No que afecta á *valoración do profesorado*, atendendo aos datos aportados pola enquisa de avaliación docente (EAD), podemos concluír que os estudiantes están satisfeitos co labor desempeñada por estes profesionais. Os resultados de todas as especialidades do título informan de puntuacións positivas, en tanto que se supera amplamente o punto de corte (3).

No tocante á formación continua do PDI e PAS do título, obsérvase que as puntuacións acadadas son aceptables, 13 docentes participaron na formación do profesorado en Bubela, cifra superior ao curso 2018/2019 e inferior nun punto ao ano 2019/2020. En función deste dato, podemos afirmar que se aprecia no profesorado un interese continuado na formación, en tanto que as variacións que se produciron no histórico non indican unha muda nesta tendencia. Por outra parte, cabe significar que os datos tomados para elaborar este indicador son únicamente da participación dos cursos de

Bubela, a cal non reflicte outras vías de formación que tradicionalmente tende a empregar o profesorado. No caso do PAS, non alcanza por pouco a meta de calidad 68.59%, pero esta cifra supera á do curso 2018/2019, aínda que resulta inferior á do curso anterior (80.46%), cando se superaba amplamente o punto de referencia ( $\geq 75\%$ ). Por conseguinte, esta pequena flutuación, ao igual que sucedía co profesorado, non resulta preocupante dado que non se mantén unha tendencia negativa no histórico. Esta apreciación é coherente coas achegas que nos fan as *enquísas de satisfacción dos estudiantes*, onde se aprecia en todos os itinerarios que a opinión dos estudiantes sobre a atención do persoal e servizos supera o punto de corte 3.

O cadro de profesorado manteñese estable, con pequenas variacións en torno ao histórico; así, no curso 2020/2021 cóntase con 35 profesores, no 2019/2020 con 32 e no 2018/2019 con 34. No tocante á categoría académica, a configuración tamén é moi similar a cursos previos, a maioría son profesores/as asociados/as (10), seguido de titulares (9), contratados doutores (8), axudantes doutores (2), persoal investigador (2), non aplicable (4). Este perfil de profesorado, no que predomina a figura de asociado/a, é especialmente necesario e interesante para este título, que está orientado á capacitación para o ensino secundario, polo que resulta imprescindible contar con profesionais que aporten experiencia práctica. Este perfil predominante no persoal docente do máster explica que o número de doutores non sexa moi alto (28.57%), xa que no profesor/a asociado búscase que aporte experiencia práctica e non tanto o perfil investigador, que xa está cuberto co resto do cadro docente (i.e., titulares, contratados doutores, axudantes doutores e persoal investigador/a). A experiencia investigadora e producción científica do persoal investigador queda avalada pola porcentaxe de sexenios vivos do PDI, que é do 70.59%, o cal supera, de forma significativa, o punto de corte de calidad fixado polo centro. Ao que lle temos que engadir que neste curso académico 2 docentes participaron no programa de mobilidade; o cal é costume no profesorado de título, tal e como informa a evolución do histórico dos cursos precedentes. Asemade, cóntase coa participación no programa DOCENTIA en dúas especialidades do título, o cal supón un avance neste indicador. Especificamente, solicitaron a avaliación docentia no itinerario de Xeograf. e Hist. o 2.17% e no de Humanidades o 2.17%, cifras que teñen un valor engadido porque se trata dun programa voluntario.

Aínda que nos atopamos ante un máster que ten un nivel de ocupación moi alto, tal e como sinalamos previamente, a ratio estudiantes/profesor é de 20 para o grupo A, o cal facilita o desenvolvemento dunha atención máis individualizada, adecuada para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

### 3.7.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizo

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son o axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A opinión dos/as estudiantes con relación aos recursos materiais e espazos do título, atendendo ás enquisas de satisfacción, é favorable. De forma detallada, podemos comprobar que en todas as especialidades se alcanza ou supera o punto medio de referencia nos 4 descritores do bloque 5, salvo no itinerario de Xeografía e Historia (onde hai dous ítems puntuados cun 2, referidos aos laboratorios, obradoiros e espazos experimentais e ao equipamento das aulas). Sobre esta cuestión debemos sublinhar que, aínda que non son puntuacións moi altas, debemos tomar con cautela este resultados, porque no curso 2019/2020 a docencia das materias foi impartida de forma virtual a través do campus remoto, e na enquisa que se aplicou aos estudiantes non se adaptou ás continxencias que podían producirse como consecuencia da COVID-19. Así pois, atendendo ás puntuación globais do máster, podemos concluír que o título presenta uns recursos materiais que permiten desenvolver de xeito adecuado o proceso de ensino-aprendizaxe.

De forma complementaria, encontramos que nas enquisas de satisfacción do profesorado na sección Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía, os tres ítems que avalán os materiais e servizos, cumplen cos obxectivos do centro ao obter 3. No se dispoñen de datos no reto dos itinerarios.

A teor de todo o indicado, confírmase, en liñas xerais, a adecuación dos recursos materiais que ofrece o centro aos estudiantes deste título.

#### Puntos débiles detectados:

A valoración global dos materiais e servizos é favorable, pero convén facer unha revisión das aulas e instalación dos laboratorios, como se está facendo de forma continua polo persoal de administración e servizos, apoiado polo profesorado que notifica cando observa déficit, para manter esta tendencia, prestando especial atención á especialidade de Xeografía e Historia nas aula e laboratorios, onde se atopou unha puntuación más endeble

#### Accións de mellora a implantar:

Non se require deseñar unha actuación específica, senón continuar traballando de forma continua e coordinada por parte do persoal da administración e servizos e o PDI do título, co fin de seguir garantindo un espazo óptimo.

### 3.7.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A enquisa de satisfacción dos estudiantes confirma que, no bloque de resultados de aprendizaxe, o título cumpliu coas expectativas dos estudiantes en praticamente todas as súas especialidades, chegando a acadar incluso puntuacións moi elevadas. Máis concretamente, no ítem 18 que avalía o cumprimento das expectativas formativas, todos os itinerarios obteñen puntuacións moi próximas a 4 ou incluso 4, salvo o de Xeografía e Historia, que non logra alcanzar a media de calidade do centro (1.67). De forma similar ocorre co ítem 17, que avalía a percepción da formación adquirida, logrando en todas as liñas formativas puntuacións altas, excepto en Xeografía e Historia que non acada a puntuación mínima establecida polo centro (1.67). A discrepancia de puntuacións que se produciron nestes ítems, onde comprobamos que en tres especialidades se obteñen puntuacións moi favorables e só nunha atopamos resultados baixos, lévanos a tomar con cautela os resultados que non concordan, en tanto que as enquisas de avaliación docente, onde todas as liñas foron favorables. Aínda así, é preciso facer unha análise detallada da rama de *Xeografía e Historia*, porque o histórico móstranos que non se consolidou unha puntuación favorable neste bloque (para máis detalle consultar o informe de seguimento do curso 2019/2020). As posibles causas desta tendencia na puntuación é que probablemente exista unha distorsión da percepción dos obxectivos do título, en tanto que os estudiantes poden entender erroneamente que o título lles vai axudar a preparar as oposicións, cando o seu cometido é capacitarlos para ser docentes. Asemade nalgúns ramas, na titulación de orixe dos estudiantes non se dispón no seu plan de estudos de materias vinculadas a educación, fronte a outras que si poden contar no seu plan de estudos con materias afins a educación (i.e., Orientación); de aí que nalgúnha rama teñan que facer un maior esforzo e tamén poidan estar más desmotivados.

Da análise da cualificación das materias pódese entrever que os resultados da aprendizaxe son favorables, dado que o número de suspensos é moi baixo (6), fronte á frecuencia alta que se percibe no número de matrículas, de sobresaíntes e de notables. Este dato aválase tamén co alto nivel que alcanzan as taxas de éxito no mestrado. O número de TFM non presentados (24) e, por conseguinte, é inferior a do curso 2018/2019 que foran 62. Polo tanto, o número de non presentados en TFM non é preocupante, en tanto que se superan por moito as cifras do 2018/2019. Pero require igualmente que permanezamos vixiantes para poder manter unha continuidade a alza. A este respecto debemos subliñar que o perfil dos estudiantes deste máster, conta cunha alta prevalencia de licenciados, o cal provoca que non recibisen formación específica para realizar un proxecto final de título análogo ao TFM e, por conseguinte, é posible que lles poida supor maior esforzo acadar as competencias que require a execución do TFM.

Atendendo ás consideracións previas, coa matizaciones que xa se precisaron anteriormente, podemos concluir que a percepción dos resultados nos estudiantes avalan a idoneidade das metodoloxías e a eficacia do título.

#### Puntos débiles detectados:

O grao de satisfacción dos estudiantes é moi favorable, áinda que é preciso facer unha análise e reflexión no itinerario de Xeografía e Historia, con fin de identificar a causa das puntuacións obtidas, que non foron

#### Accións de mellora a implantar:

- Indagar sobre as causas que levan ao itinerario de Xeografía e Historia a manter unha liña que non alcanza o obxectivo do centro.
- Seguir mantendo un seguimento e apoio continuado dos estudiantes do TFM, de xeito que se pode estender

coherentes coas das enquisas de avaliación docente.

O número de TFM presentados descendeu, pero non é preocupante, dado que é moi superior a do curso 2018/2019, aínda así debemos permanecer atentos para manter a tendencia de ascenso.

o programa de preparación específico que dispón o centro para facilitar aos estudiantes a adquisición de competencias básicas que facilitem a superación desta materia (TFG programa con Alegría).

### 3.7.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores de rendemento do título informan de que se cumpre amplamente cos obxectivos de calidade do centro, mellorando incluso os resultados de cursos precedentes. De forma máis específica, a taxa de rendemento é de 93%, a de abandono é de 3.03%, a de eficiencia é de 99% e a de graduación e éxito é do 100%. En xeral, o comparativo co histórico indica que se produciu unha melloría nas cifras alcanzadas; así, o abandono descendeu, a eficiencia aumentou en 1 punto, a taxa de graduación subiu. Só se advirte un pequeno descenso na taxa de rendemento, con respecto aos curso precedentes, pero non resulta preocupante, dado que se supera a puntuación promedio en 7 puntos.

Pola súa parte, a análise detallada das materias presenta un leve descenso nas puntuacións obtidas, aínda que este non é preocupante. Case todas as materias acadan o 100% de taxa de éxito, salvo dúas (i.e., economía, administración de empresas e comercio na educación secundaria 95.24%; a innovación e a investigación educativa como factores para a mellora e o asesoramento 75%). No tocante ao rendemento, 9 materias obteñen o 100%, 8 superan o 90%, 3 o 80%, 1 o 70% e 1 o 60%, e por último, están as materias de formación académica e profesional e innovación educativa que se sitúan no 50%. De forma similar, prodúcese a distribución na taxa de avaliación, 10 acadan o 100%, 7 superan o 90%, 3 son superiores o 80%, 1 é maior do 70%, e 2 có 60%, e por último, a materia de formación académica e profesional sitúase no 50%.

Non se dispón de información específica sobre a duración media dos estudos, nin da información sobre inserción laboral, o último dato que se dispón dos informes de inserción datan do ano 2013/2014.

A teor do descrito nas liñas previas, pódese establecer que no bloque de resultados de rendemento os datos confirmán a adecuación do *modus operandi* do título.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
-Ausencia de información sobre inserción laboral.	-Solicitar e recomendar aos responsables de calidade da UVigo, que implanten medidas específicas para dispor de información sobre a inserción laboral do alumnado de máster.

## IV. MODIFICACIÓNES NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNNS

\*Neste epígrafe deben incluirse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro .

Incluiranse as modificacións non substancials, que se corresponden con aqueles cambio menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Máster” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se incorporaron modificacións substancials en ningunha titulación do Centro.

## V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

Para cada titulación dáse conta do ESTADO de situación das acción de mellora na aplicación de xestión documental do SGC (curso 2018-2019), ofrecendo o seguimento das mesmas.

Ademais, nas seguintes táboas pode observarse unha síntese do proceso de revisión de cada unha das propostas de mellora expostas durante o pasado curso 2020-2021. En cor azul reflíctense as propostas que afectan o centro no seu conxunto e en ambar reflíctense as propostas que se refiren a cada unha das titulacións.

Nos ANEXOS, ao final deste documento, achéganse as fichas en pdf obtidas a partir da aplicación informática no que se xestionan o SGC respecto ao PLAN DE MELLORAS de cada titulación. Cabe sinalar que estes anexos proceden dunha base dinámica que, no caso daquelas que aínda non están pechadas/finalizadas, se poden modificar en calquera momento e en función da situación das mesmas. Por elo, non tería porque coincidir o ESTADO actual co presentado nas fichas deste Informe.

No caso do máster de Profesorado de Secundaria, tal como se indicará en ANEXOS, aa revisión das propostas de mellora poden atoparse na aplicación informática da Facultade de Bioloxía, por tratarse dun título intercampus e ser ese o Centro ao que está adscrito e o que leva a coordinación xeral do mesmo. A Facultade de Educación e Traballo Social non ten acceso a xestión das propostas de mellora de dito título.

## Revisión do cumprimento das Accións de Mellora establecidas para o curso 20-21

Criterio	Denominación	Estado
Organización desenvolvemento	e 1. Formulario informativo planificación, avaliação, relación con outras materias	<p>Foi deseñado e está ao dispor das docentes na web da facultade; foi enviado e requerido a todo o profesorado polas coordinadoras dos cursos.</p> <p>A partir da información recabada as coordinadoras puideron identificar problemas asociados á sobrecarga de traballo ou probas avaliativas informando o profesorado afectado.</p> <p>Acadouse o obxectivo de calidade asociado: 80% das materias utilizaron este formulario. De cara ao curso 2022-2023 preténdese acadar a consolidación da medida.</p>
Organización desenvolvemento	e 2. Mellora das competencias docentes a través de metodoloxías activas on-line	<p>En revisión</p> <p>Emmarcado no Plan de Formación Continua do PDI á Comisión de Calidade da Facultade está a desenvolver</p> <p>continuas accións formativas enfocadas á mellora das competencias docentes en metodoloxías activas. Con este obxectivo no curso 2020-2021 levaronse a cabo catro cursos de formación sobre estas temáticas que terán continuidade durante o curso 2021-2022. Os trípticos e memorias de cada unha das accións poden ser consultadas nas evidencias recollidas na plataforma do SIGC. A necesidade de constantes actualizacions conlleva a revisión desta Proposta de Mellora. De feito, o equipo Decanal concorrerá no presente mes de abril de 2022 á Convocatoria de Proxectos Piloto de Innovación Docente en Facultades e Escolas da Universidade de Vigo.</p>
Información e transparencia	3. Impulsar visibilización da facultade e actividades nas redes sociais	<p>Finalizada</p> <p>Decidiuse abrir un perfil de Instagram, dado que é unha das redes sociais que está máis presente entre o colectivo de estudiantes de dita Facultade e ademais é un dos medios de maior difusión de información de hoxe en dia. O perfil chámase “educacionsocialuvigo” e conta cunha bibliografía onde aparece o nome da Facultade, o Campus onde se encontra e o seu enderezo, o número de teléfono da institución e un link que leva directamente á páxina web. O perfil atópase aberto ao público e está marcado na categoría de Universidade. Dende a súa data de creación, 25 de febreiro de 2021, ata hoxe, case un ano despois, o perfil conta cun total de 284 seguidores, dos cales a</p>

		maior parte son alumnos/as da nosa facultade, outra parte distintas contas que conforman o conxunto das distintas facultades de Ourense, Vigo e Pontevedra e tamén algún profesor da Facultade de Educación e Traballo Social. O total de publicacións realizadas ata o momento é de 46.
		A información que se sube son: propostas de voluntariado, cursos, xornadas, eventos, saídas de campo, difusión...

TITULACIÓN			
Criterio	Denominación		Estado
Información e transparencia	4. Dar unidade e maior visibilidade á información/ normativa do Prácticum e do TFM	A información e documentos asociados ás materias Practicum e TFM presentánsen na web e nas respectivas materias de Moovi de modo máis amigable e comprensible. Nos seguintes enlaces pode verse a nova sistematización de información. Ainda que se dá por finalizada esta acción de mellora, manterase unha alerta constante para que a información e documentación asociada a estas materias preséntese de forma ordenada e accesible.	Finalizada
